

# **Políticas públicas en información juvenil**

**Órganos competentes e de representación  
en xuventude**

**XUNTA DE GALICIA**



# **Políticas públicas en información juvenil**

## **Órganos competentes e de representación en xuventude**

Jesús Antelo García

Xunta de Galicia  
Dirección Xeral de Xuventude, Participación  
e Voluntariado  
Santiago de Compostela  
2017

Autor: Jesús Antelo García

Tradución: Secretaría Xeral de Política Lingüística



© Xunta de Galicia. 2017. *Políticas públicas en información xuvenil. Órganos competentes e de representación en xuventude.*

Edita: Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

URL: <https://libraria.xunta.gal/gl/politicas-publicas-en-informacion-xuvenil-organos-competentes-e-de-representacion-en-xuventude>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.Compartirlgual 4.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es> ES

D.L. C 2255-2016

## PRESENTACIÓN

A información xuvenil é considerada unha actividade de procura, tratamento e difusión da información que conta co asesoramento e orientación prestados á xuventude nos servizos de información xuvenil (Centro coordinador, OMIX, PIX, e outros servizos).

A Lei de xuventude de Galicia especifica que:

*“As políticas públicas dirixidas á xuventude terán como finalidade mellorar a calidade de vida da xente nova, especialmente a través do acceso á información en materia xuvenil e mediante a participación activa da mocidade no desenvolvemento sustentable, económico e social da Comunidade Autónoma de Galicia”.*

Ou seu obxecto é poñer á disposición da xuventude os elementos necesarios para unha mellor toma de decisións no exercicio da súa liberdade e autonomía que possibiliten e fagan posible a súa plena integración na sociedade.

A información á xuventude é un elemento imprescindible para unha efectiva participación, que se garante a través de instrumentos como o Observatorio Galego da Xuventude ou ou Instituto Galego de Xuventude.

Este estudo que presento, fai unha unha análise das políticas de información xuvenil, das consellerías responsables e dos órganos de representación en materia de xuventude que, de forma cronolóxica, se foron sucedendo ata este momento.

O estudo divídese en dous apartados principais. Nun primeiro apartado, analiza as políticas de xuventude recollidas no Libro branco para a xuventude, nos plans nacionais e autonómicos e na Rede de información xuvenil.

No segundo apartado, describe os órganos competentes e de representación en materia de xuventude en España e máis concretamente en Galicia.

Espero que este informe sexa de interese e de utilidade para aqueles profesionais e persoas interesadas nesta temática.

Cecilia Vázquez Suárez  
Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

Citas soadas

*“Quen ten a información ten o poder”*. Anónimo.

*“A xuventude é o período do posible”*. Ambrose Bierce (1842-1914)

## ÍNDICE

Introdución .....	6
1. Políticas de xuventude .....	7
2. Paradigmas das políticas de xuventude: políticas de transición vs. políticas afirmativas .....	8
3. As políticas de xuventude no borrador do Libro branco para a xuventude en España 2020 .....	9
4. As políticas de xuventude a través dos plans nacionais e autonómicos .....	11
5. Rede galega de información xuvenil .....	22
6. Educación non formal .....	26
7. Certificado de profesionalidade de información xuvenil .....	29
8. Órganos competentes e de representación en materia de xuventude en España .....	33
9. Órganos competentes e de representación en materia de xuventude nas comunidades autónomas .....	39
10. Órganos competentes e de representación en materia de xuventude en Galicia .....	49
METODOLOXÍA .....	71
BIBLIOGRAFÍA.....	72

## INTRODUCCIÓN

A través deste estudo queremos achegar ao lector, ben sexa estudante ou profesional do ámbito da xuventude, as políticas de información xuvenil.

Para iso realízase unha análise sobre a presenza da información xuvenil nas políticas de xuventude. En primeiro lugar, sobre as denominadas políticas de transición ou adultocráticas *versus* políticas afirmativas ou xovenilistas; e a presenza da información xuvenil nas políticas de xuventude a través dos plans nacionais e autonómicos, pero centrándose fundamentalmente nos plans de xuventude de Galicia.

En segundo lugar, faise unha descrición da Rede galega de información xuvenil, da educación non formal neste ámbito e sobre a cualificación profesional.

En terceiro lugar, analízanse os órganos competentes e de representación en materia de xuventude a nivel estatal, centrándose de forma máis ampla na Comunidade galega. Descríbense de forma detallada as etapas e estrutura da Dirección Xeral de Xuventude desde o traspaso das competencias en materia de xuventude do Estado a Galicia ata a actualidade, así como os programas e instalacións xuvenís.



## 1. Políticas de xuventude

Á hora de definir políticas de xuventude, compróbase que existen distintos enfoques en función das etapas en que se formulan e da concepción que se ten delas, así como dos ámbitos en que se incide.

Podemos definir políticas de xuventude como “o conxunto de medidas e obxectivos que os poderes públicos destinan para promover as condicións de participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, económico, social e cultural” (Alemán Bracho & Martín Castro, 2004, p. 83).

De acordo coa Constitución, as políticas de xuventude na España democrática deberían supoñer a promoción da participación e a formación e información sobre dereitos e deberes (Comas Arnau, 2007).

Para Xabier Izaguirre, política de xuventude é aquela que posibilita a inserción social das persoas novas, pensada e dirixida cara a toda a poboación xuvenil sen distincións, non de carácter benéfico paternalista, senón cunha base científica (Izaguirre, 1999, p. 144).

A Lei de xuventude de Galicia define as políticas públicas de xuventude en función da finalidade: “As políticas públicas dirixidas á xuventude terán como finalidade mellorar a calidade de vida da xente nova, especialmente a través do acceso á información en materia xuvenil e mediante a participación activa dos mozos e das mozas no desenvolvemento sustentable, económico e social da Comunidade Autónoma de Galicia” (Lei 6/2012).

Nesta lei considérase “xuventude” as persoas que teñen idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos, ambos inclusive. Engádese, polo tanto, un ano (de 14 a 15) en relación cos estudos de xuventude que se levaron a cabo en Galicia ata ese momento (abarcaban de 15 a 29/30 anos).

A lei galega considera esta franxa de idade (14-30 anos) o suficientemente ampla para abarcar as distintas manifestacións da xuventude, sen prexuízo de que desde a Dirección Xeral de Xuventude poidan adoptarse programas ou actuacións dirixidos a mozos dun rango diferente de idade, polas súas especiais características.

As políticas de xuventude describíronse como aquel conxunto de accións cuxa finalidade é a de promover o acceso da mocidade a unha plena cidadanía para mellorar a súa calidade de vida, aos seus dereitos (e á interiorización cultural dos seus deberes) a un emprego e unha vivenda digna, así como a súa plena inserción nas dinámicas e nas prácticas sociais e institucionais dun sistema democrático. Son políticas de transición porque apoian os mozos no seu itinerario de transición da nenez á vida adulta. Tamén se cualifican de emancipadoras porque esta transición,

este itinerario, prodúcese desde a dependencia ata a autonomía persoal, é dicir a consecución dun status de adulto emancipado (Comas Arnau, 2007, pp. 13-14).

As definicións de políticas públicas de xuventude son, xa que logo, variadas. Como xa se indicou anteriormente, non é obxecto deste estudo a análise dos distintos paradigmas das políticas de xuventude, pero si daremos unhas pinceladas da súa traxectoria.

## **2. Paradigmas das políticas de xuventude: políticas de transición vs. políticas afirmativas**

Na década dos oitenta, consolídase a tendencia de percibir a mocidade como un colectivo máis aló do demográfico, centrándose nas características sociais e culturais que definían a xuventude como grupo. A xuventude, social e institucionalmente, é entendida como un proceso de transición á adultez e desde esa perspectiva afiázanse as prioridades xuvenís da inserción social e profesional da mocidade e neste sentido constrúese a axenda ao redor de políticas nucleares ou centrais de modificación da traxectoria vital (traballo, vivenda, saúde, educación etc.) e non só dedicándose ao lecer e ao tempo libre. Son políticas de transición, emancipadoras, integrais e que se reflicten en case todos os plans de xuventude, que se denominan “plans integrais de xuventude”, onde se inician procesos de coordinación interdepartamental, interinstitucional e coa mocidade.

Na década dos noventa, os cambios sociais provocan un cambio substancial na condición xuvenil, que pasa de ser concibida como unha etapa de transición a unha etapa en si mesma, unha etapa vital plena e autónoma, con novas necesidades informativas vinculadas a esta nova situación, que xera contidos propios de autonomía e cultura. Esta perspectiva da xuventude foi denominada corrente *¿xovenilista?* e baséase nas políticas afirmativas que se centran nos procesos de afirmación identitaria (experimentación, creatividade, mobilidade, autonomía e participación). Céntranse nos aspectos periféricos que inciden na calidade de vida pero sen chegar a modificar as traxectorias vitais.

A defensa destas políticas afirmativas nace desde o Concello de Barcelona, xunto coa Deputación de Barcelona, como reacción ao declive das políticas de xuventude nos anos noventa, que supón unha ruptura coas políticas integrais.

As políticas afirmativas, polo tanto, son políticas que non pretenden orientar os itinerarios xuvenís cara á transición á vida adulta (entendida como autonomía persoal e emancipación), senón que se limitan a apoiar a vida da mocidade na súa condición meramente xuvenil (Comas, 2007).

Outros autores (Varios, 2003, citados por Comas) tenden unha ponte entre as políticas de transición e as políticas afirmativas ao considerar que “as políticas de

lecer (afirmativas) inclúen un poderoso compoñente de emancipación. En todo caso, en España estas políticas afirmativas foron, en teoría, menos promovidas, xa que no discurso hexemónico da transición e a emancipación das políticas de xuventude, é dicir, o discurso do “politicamente correcto”, suponse que as políticas afirmativas non son as políticas de verdade senón só un simple “entretemento” para os mozos. Neste sentido cualifícanse, en moitos textos, de políticas “periféricas” por contraposición aos aspectos máis “básicos” das políticas de transición”. (Comas, 2007, pp.18-19).

Agudo López e Alborná Rovira defenden que as políticas de xuventude deben centrarse en políticas para a autonomía xuvenil, políticas para o empoderamento xuvenil e políticas de proximidade (Agudo, Alborná, 2011, pp.93-100).

Estes autores manteñen que as políticas de xuventude deben atender aos novos retos e necesidades e optar por apoiar e darlle protagonismo real á mocidade. Para iso defenden que son necesarias políticas que vaian máis aló da transición e da afirmación da xuventude; os eixes específicos das políticas de xuventude son a autonomía e o empoderamento, a través de mecanismos de participación, interlocución, acompañamento e capacitación da mocidade.

Acorde con esta teoría, moitas comunidades autónomas, entre as que se atopa Galicia, elaboraron programas que fomentan a participación e a capacitación dos mozos para favorecer a súa autonomía e empoderamento. É a aposta pola educación non formal e informal, programas de cooperación e mobilidade, voluntariado etc.

### **3. As políticas de xuventude no borrador do Libro branco para a xuventude en España 2020**

Na lexislatura 2009 a 2011 impulsouse de novo un debate no Senado, partindo da análise da evolución das políticas de xuventude realizadas ata o momento, de análise e de base orientadora para o futuro e para as diferentes administracións (central, autonómica e local), polo que se crea unha Comisión Especial de Estudo para a elaboración dun Libro branco para a xuventude en España 2020 (Cortes Xerais do Senado, 2011).

Nas súas consideracións recomendan que as novas políticas de xuventude deben centrarse en propostas propias nas achegas que van realizar as administracións de xuventude, tanto no ámbito das súas propias competencias como nas accións transversais identificadas como tales.

As políticas de xuventude deben abandonar o espazo residual de lecer e tempo libre que tiñan para centrarse en políticas máis relevantes que lle afectan á mocidade: “A misión das novas políticas de xuventude na súa articulación política, administrativa, prioridades, obxectivos, liñas de actuación e as súas accións deben

vertebrarse sobre a propia mocidade. Proponse utilizar a propia condición xuvenil para empoderar as persoas novas como cidadáns” (Borrador Libro branco, p. 85).<sup>1</sup>

Neste borrador do Libro branco para a xuventude en España 2020 recóllese que as propostas da Comisión do Senado indican que as políticas de xuventude deben limitarse ás accións do nivel territorial propio do departamento de xuventude, especialmente cando sinalen obxectivos transversais que requiren unha coordinación aberta e posterior coas áreas que tamén teñen competencias nesa materia. Unha das conclusións importantes do borrador do Libro branco para a xuventude en España 2020 é facer visibles as políticas de xuventude, algo que non ocorre ata o momento.

O Inxuve, co obxecto de deseñar novas políticas para a xuventude, organizou unha xornada interna de discusión sobre as necesidades e as perspectivas das políticas de xuventude na nova década.

---

<sup>1</sup> Libro branco xuventude en España 2020 (versión borrador: 10-05-12)

## **4. As políticas de xuventude a través dos plans nacionais e autonómicos**

As políticas de xuventude, tanto de ámbito estatal como nas distintas comunidades autónomas, artículanse e coordínanse a través dos plans estatais ou autonómicos de xuventude. “Os plans de xuventude foron os principais instrumentos para desenvolver políticas activas de xuventude, impulsadas desde diferentes administracións” (Comas Arnau, 2011, p. 56).

Nun grupo de discusión, formado por responsables de varias comunidades autónomas en materia de información xuvenil, cando se lles pregunta que entenden por políticas de xuventude, sinalan que “as políticas de xuventude teñen que ver coas leis, cos proxectos... cos plans de xuventude”.

De todos os xeitos, as políticas de xuventude, cando non están recollidas nun plan, adoitan recollerse nas normativas que cada comunidade desenvolve (leis, decretos, ordes de xuventude), independentemente de que aparezan ou non nun plan.

A continuación, facemos referencia aos catro plans de xuventude do Estado e aos catro de Galicia.

### **4.1. PLANS ESTATAIS DE XUVENTUDE**

A non existencia de plans de xuventude non significa que non houbera políticas de xuventude desde o Estado ou desde as comunidades autónomas, senón máis ben que se desenvolvían sen unha planificación transversal e interdepartamental previa. A maior achega dos plans foi poñer na axenda política unha serie de actuacións cuns orzamentos e uns prazos determinados con carácter interdepartamental.

O Estado plasmou as súas políticas de xuventude a través de catro plans. O primeiro deles foi o Plan integral de xuventude de 1991-1993 e o cuarto o Plan interministerial de xuventude 2005-2008.

Ningún dos plans estatais tivo un eixe específico dedicado á información xuventude, aínda que xa no segundo, Plan de xuventude 1994-1997, aparece a información xuvenil recollida na área de participación como a medida “Ampliación da Rede de CIX”.

As políticas de xuventude no Estado plásmanse no seu primeiro plan de xuventude en novembro de 1991, Plan integral de xuventude 1991-1993, que coordina o Inxuve. Estrutúrase en cinco eixes:

- Educación, formación e emprego
- Calidade de vida
- Igualdade de oportunidades

- Participación e asociacionismo
- Cooperación internacional

O Estado, a través do Inxuve, realizou tres plans máis: o Plan de xuventude 1994-1997, o Plan global de acción en materia de xuventude, 2000-2003 (este plan coincide no tempo co primeiro plan de xuventude de Galicia —Plan de acción xove 2000-2003— ao que faremos referencia no apartado de Galicia). O último plan de xuventude sería o Plan interministerial de xuventude 2005-2008. A partir deste momento non se elaborou ningún outro plan. Insistimos en que iso non quere dicir que a partir dese momento os gobernos centrais deixasen de facer políticas de xuventude. Lembramos que tampouco os houbo nos anos 1998 ao 2000 nin no ano 2004.

O segundo plan de xuventude (Plan de xuventude 1994-1997) estruturouse en cinco áreas prioritarias:

- Autonomía persoal
- Solidariedade e igualdade de oportunidades
- Saúde e prevención
- Calidade de vida
- Participación

Cada unha destas áreas subdivídese en 35 medidas.

Neste segundo plan, como xa comentamos anteriormente, a información xuvenil aparece recollida na área de participación como a medida “Ampliación da Rede de CIX”.

O terceiro plan de xuventude (Plan global de acción en materia de xuventude 2000-2003) conta con seis áreas:

- Formación, emprego e orientación
- Vivenda
- Educación para a saúde
- Alternativas de lecer e tempo libre
- Exclusión e integración social
- Participación, voluntariado, asociacionismo e solidariedade

O cuarto plan (Plan interministerial de xuventude 2005-2008) estrutúrase tamén en seis áreas estratéxicas:

- Área de emancipación: emprego e vivenda
- Área de participación
- Área de convivencia e diversidade
- Área de hábitos de vida saudable e medio ambiente
- Área de lecer, cultura e tempo libre

- Área de formación

Neste cuarto plan, a referencia á información xuvenil aparece soamente na introdución, na que se cita que, co proceso autonómico e as transferencias ás comunidades autónomas, se crearon organismos específicos de xuventude e onde “os departamentos especializados dedicados á xuventude en comunidades autónomas e corporacións locais comezaron a establecer as súas propias políticas e a ofertar novos servizos: xurdiron os SIX; asesorías para a xente nova en campos como o emprego, a saúde, o lecer ou a vivenda; proliferaron as casas da xuventude e a convocatoria de actividades de tempo libre e de formación”.

Estes plans son de carácter participativo e contan coa achega dos consellos de xuventude, das asociacións xuvenís e dos propios mozos. Baséanse na transversalidade, pero non se manifestan distincións entre políticas afirmativas das políticas de transición e emancipadoras, senón que se complementan.

Podemos concluír, polo tanto, que a información xuvenil é asumida polas comunidades autónomas e desde o Estado apenas ten consideración nos seus plans de xuventude.

No seguinte cadro podemos ver os últimos plans de xuventude por comunidades autónomas.

Táboa 1. Últimos plans de xuventude por comunidades autónomas

<b>COMUNIDADE AUTÓNOMA</b>	<b>ÚLTIMO PLAN</b>
ANDALUCÍA	II PLAN INTEGRAL DE XUVENTUDE DA JUNTA DE ANDALUCÍA 2011-2014
ARAGÓN	PLAN ESTRATÉXICO DE XUVENTUDE 2012-2015
ASTURIAS	III PLAN INTEGRAL DE XUVENTUDE DO PRINCIPADO DE ASTURIAS (2002 - 2003)
CANARIAS	LIBRO BRANCO DO PLAN CANARIO XOVE
CANTABRIA	II PLAN ESTRATÉXICO DE XUVENTUDE 2009 -2011
CASTELA-A MANCHA	III PLAN XOVE 2009-2012
CASTELA E LEÓN	III PLAN XERAL DE XUVENTUDE DA COMUNIDADE DE CASTELA E LEÓN
CATALUÑA	PLAN NACIONAL DE XUVENTUDE DE CATALUÑA, XOVES 2010
CEUTA	PLAN CEUTA XOVE 2009-2012
PAÍS VASCO	III PLAN XOVE DE EUSKADI 2020
ESTREMADURA	V PLAN DE XUVENTUDE DE ESTREMADURA 2013-2016
GALICIA	PLAN ESTRATÉXICO DA XUVENTUDE DE GALICIA 2014-2016. HORIZONTE 2020
ILLAS BALEARES	II PLAN ESTRATÉXICO DE XUVENTUDE DO GOVERN DE LES ILLES BALEARS II PLAN XOVE 2010-2012
A RIOXA	II PLAN ESTRATÉXICO DE XUVENTUDE (2009-2011)
MADRID	PLAN INTEGRAL DE XUVENTUDE DA COMUNIDAD DE MADRID 2003-2006
MELILLA	PLAN INTEGRAL DE XUVENTUDE

Elaboración propia. Fonte páxinas web



## **4.2. OS PLANS DE XUVENTUDE EN GALICIA**

A Comunidade Autónoma de Galicia contaba cunha Comisión Interdepartamental de Xuventude,<sup>2</sup> cuxa finalidade era coordinar os departamentos da Administración autonómica galega nas súas actuacións en materia de xuventude.

Na exposición de motivos, indícase que esta comisión “deberá elaborar e aprobar un documento director que coordine as diversas actuacións no ámbito autonómico e local que incidan na xuventude, e unha metodoloxía de traballo apropiada ás súas características específicas que se concretarán nun plan integral”.

Actualmente, coa Lei de xuventude, esta comisión interdepartamental foi substituída polo Comité Galego de Políticas de Xuventude (Lei 6/2012). Este comité ten como misión establecer as bases que vertebren o Plan estratéxico de xuventude de Galicia, de forma que se consiga a transversalidade e coordinación coas distintas consellerías da Xunta de Galicia nas políticas públicas en materia de xuventude.

A Xunta de Galicia elaborou catro plans de xuventude que serven de guía e coordinación das políticas de xuventude, que xorden por proposta da Comisión Interdepartamental de Xuventude (agora Comité Galego de Políticas de Xuventude), e garanten deste xeito a transversalidade, a pluralidade e a coordinación entre os departamentos da Xunta de Galicia.

O primeiro plan denominouse Plan de acción xove 2000-2003 e abranguíu este período de catro anos. O segundo, o Plan estratéxico de xuventude: da información á participación, comprende os anos 2004-2007. O terceiro leva por título Xuventude 2013: unha estratexia para a xuventude galega; é para os anos 2010 a 2013. O cuarto, e actual, denomínase Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2014-2016. Horizonte 2020.

Non se ten en conta o plan de políticas para a xuventude elaborado en 1996 por non se publicar, comentado no estado da cuestión, apartado 2.2.1.3). A continuación describimos cada un dos catro plans.

### **4.2.1. Plan de acción xove 2000-2003**

Este primeiro plan coincide no tempo co Plan global de acción en materia de xuventude 2000-2003 do Estado.

---

<sup>2</sup> A Comisión Interdepartamental de Xuventude estaba regulada polo Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de mocidade (DOG núm. 49, do 10 de marzo de 2000) e foi substituída mediante a Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, polo Comité Galego de Políticas de Xuventude.

Neste plan defínese a xuventude desde o paradigma das políticas afirmativas: “A xuventude xa non é un período de transición cara á idade adulta, senón que se presenta como unha nova etapa da vida que dispón de elementos específicos e substanciais que a converten nunha etapa conceptualmente autónoma” (Xunta de Galicia, 2000, p. 23).

Inclúe dez áreas: emprego; vivenda; educación e formación; universidades e investigación; información e novas tecnoloxías; saúde, calidade de vida e medio ambiente; cultura, lecer, tempo libre e deportes; participación e voluntariado; Europa; e a xuventude da Galicia exterior. As dez áreas engloban 188 actuacións.

Nel, a información xuvenil ten unha presenza considerable, cun apartado propio: “Información e novas tecnoloxías”, que se divide, pola súa vez, en tres grandes apartados:

- A Rede galega de información e documentación xuvenil
- Utilización de novas tecnoloxías
- Xornadas de información xuvenil nos concellos

#### **4.2.2. Plan estratéxico de xuventude: da información á participación 2004-2007**

O Plan estratéxico de xuventude: da información á participación 2004-2007 dálle un grande apoio á información xuvenil ao aparecer como parte do título.

Nel defínese á xuventude “como un sector da nosa cidadanía cunha entidade propia e diferenciada, cunhas circunstancias e necesidades socioculturais específicas e que, polo tanto, teñen que ser obxecto de políticas igualmente específicas” (Xunta de Galicia, 2004, p. 31).

Aínda que non aparece unha definición propia das políticas afirmativas como sucedía no primeiro plan nin tampouco se basea nunha definición de políticas de transición, ao centrarse tamén nas necesidades socioculturais específicas, poderíase pensar que fai referencia a políticas afirmativas, aínda que logo, cos programas, abarcaría o que serían políticas de transición.

Esa dicotomía entre políticas afirmativas fronte a políticas de transición non se prevé como tal desde a Administración e, como ben apuntan varios autores, complementáanse ou ese debate é estéril (Comas, 2007, Camacho, 2011).

Os destinatarios deste plan son as persoas comprendidas entre os 14 e os 30 anos: “Os segmentos de idade incluídos no período de 14-30 anos presentan características propias que requiren un tratamento diferenciado: o segmento de 14-16 anos non pode ser tratado indiscriminadamente do segmento de 25-29, nin este de igual forma ca os segmentos intermedios” (Xunta de Galicia, 2004, p. 28). Este

período de idade (14-30) será o utilizado posteriormente no ano 2012, na Lei de xuventude, para definir o termo “xuventude”.

O plan divídese en nove áreas de actuación: educación; emprego; vivenda; mobilidade; sociedade da información; costumes saudables; lecer positivo, lecer responsable; participación; e cultura.

A información xuvenil ten presenza en dúas áreas: na área da sociedade da información e tamén na área de mobilidade. A área da sociedade da información aparece como unha área propia, das nove actuacións do plan. As liñas estratéxicas de actuación desta área céntranse en dous ámbitos: a información xuvenil e as novas tecnoloxías.

Estes dous primeiros plans (o Plan estratéxico e o Plan 2000-2003) foron os que maior aposta fixeron pola información xuvenil, dándolle maior visibilidade e fomentando máis encontros e congresos nesta materia. Nos seguintes este ámbito vai perdendo forza e poténcianse máis a dinamización e a mobilidade.

#### **4.2.3. Plan xuventude 2013. Unha estratexia para a mocidade galega**

O Plan de xuventude 2013: unha estratexia para a mocidade galega é un plan deseñado para os anos 2010 a 2013.

Nel, o concepto de xuventude non é o mesmo ca o que aparecía no primeiro Plan de acción xove 2000-2003, no que se definía a xuventude, con base no paradigma de políticas afirmativas, como “unha nova etapa da vida que dispón de elementos específicos e substanciais que a converten nunha etapa conceptualmente autónoma”.

Neste novo plan redefínese a xuventude desde un punto de vista cronolóxico, entre as persoas de 14 e 30 anos (Xunta de Galicia, 2011, p. 9):

Conceptualmente, a definición de xuventude como grupo de idade determinada é unha cuestión que suscita discusión entre psicólogos, antropólogos, sociólogos, expertos na materia e as propias administracións públicas (14-30; 15-30; 16-30 anos etc.). Aínda que existen condicións e comportamentos que, en función da idade, si se poden atribuír a todo o grupo.

En termos xerais, a xuventude tamén se define como unha etapa da vida, unha fase ou ciclo vital con características máis ou menos específicas de preparación ao tránsito ao mundo adulto.

Como consecuencia dese atraso na emancipación, ademais da necesidade de redefinir as necesidades da xuventude, enténdese por esta a que se atopa nun intervalo de idades que comprende dos 14 aos 30 anos.

O plan estrutúrase en nove eixes de acción, dos cales cinco son transversais e catro específicos da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Das 246 medidas do plan, 141 corresponden aos cinco eixes de acción transversais e 105 aos eixes específicos de xuventude e voluntariado. Cada eixe estrutúrase cuns obxectivos operativos, para os que se propoñen distintas medidas de actuación.

Os cinco eixes de acción transversal inclúen 141 medidas: educación (55 medidas); emprego (37); creatividade e espírito empresarial (20); vivenda (14) e saúde e deportes (15). En canto aos catro eixes específicos da Dirección Xeral de Xuventude suman un total de 105 medidas distribuídas do seguinte modo: información e formación (47); participación e asociacionismo (20); voluntariado (15) e mobilidade (23).

Neste plan a información xuvenil perde peso con respecto aos plans anteriores. Hai un eixe de acción, o 6 (Información e formación) que inclúe 47 medidas, aínda que non é estritamente información xuvenil.

O eixe 6 do plan consta de seis obxectivos operativos para os cales se deseñaron 47 medidas entre as de información xeneralista, especializada e formación. Algunhas das medidas non están relacionadas directa e totalmente coa información xuvenil, como é o caso das axudas ao Consello Xuvenil de Galicia.

A continuación, describimos os seis obxectivos operativos coas súas respectivas medidas (Xunta de Galicia, 2011):

Obxectivo operativo 1: achegarlle á xuventude galega as políticas que en materia de xuventude se están levando a cabo desde os diferentes departamentos da Xunta de Galicia. Consta de dez medidas: Lei de xuventude; renovación da páxina web ([www.xuventude.net](http://www.xuventude.net)); xestión de políticas de xuventude en servizos prestadores á xente nova a través da rede de espazos, residencias xuvenís, albergues e campamentos; xuventude, novidades; participación en redes sociais; programa de animación; escenario móbil de xuventude; Día Internacional da Xuventude; Rede informal de mediadores xuvenís no ámbito educativo.

Obxectivo operativo 2: establecer mecanismos que faciliten o acceso á información sobre aspectos que lle interesan á xuventude: formación, vivenda, emprego ou outros temas de interese para a xuventude.

Inclúe medidas novas e de potenciación dos servizos e programas existentes como: Observatorio de Xuventude; información e documentación; orientación para o emprego e a vivenda; axudas ao Consello da Xuventude de Galicia; teléfono xove; Observatorio Acoso e Discriminación; e Guía da vivenda xove.

Obxectivo operativo 3: facilitar espazos onde a xente nova poida interactuar coas novas tecnoloxías e os elementos multimedia dunha forma responsable. Inclúe seis

medidas: Xuventude Galicia net; programa Conéctate; Zona.net; Programa de acceso ás novas tecnoloxías; formación en novas tecnoloxías; e centros de recursos tecnolóxicos para a xuventude.

Obxectivo operativo 4: apoiar a formación e establecer medidas que fomenten a inserción entre a xuventude. Inclúe nove medidas que recollen ordes de bolsas, programas de formación e foros: orde de convocatoria de prazas de colaboradores-bolseiros en residencias dependentes da Consellería de Política Social; orde de convocatoria de prazas en residencias xuvenís; bolsas de informadores-dinamizadores; bolsas en prácticas para o Observatorio Galego da Xuventude; Programa de formación continua para monitores/as e directores/as de tempo libre; Programa de consulta á xuventude; foros temáticos para a xuventude; foro xuvenil da galegitude; xornadas de formación para persoal directivo das escolas de tempo libre.

Obxectivo operativo 5: programar accións complementarias para o persoal técnico e persoas que traballan coa xuventude.

Este obxectivo céntrase, xunto co obxectivo operativo, na información xuvenil xeral e especializada, e inclúe oito medidas: Plan de formación para a xuventude en xeral; Plan de formación para o persoal da Rede de información e documentación xuvenil; realización de encontros ou congresos en materia de información xuvenil ou temática de interese para a xuventude; Día Europeo da Información Xuvenil; curso de formación de formadores en mediación xuvenil para unha condución responsable; xornadas para responsables políticos e técnicos da Administración local en materia de xuventude; congreso sobre *bulling*; e xornadas de emancipación xuvenil.

Obxectivo operativo 6: fomentar na xuventude a adquisición de hábitos saudables e condutas responsables, fai referencia á información e asesoramento en temas específicos do ámbito da saúde principalmente. Inclúe oito medidas: programa Relaciónate; programa Vitalízate; programa Quérete; programa Gústate; programa Móvete; axudas para obtención do permiso de conducir condicionada á realización dun curso de condución responsable; curso hábitos de saúde e deporte; hábitos alimenticios e actividade física e condución segura.

#### **4.2.4. Plan estratéxico da xuventude de Galicia 2014-2016. Horizonte 2020**

O cuarto plan de xuventude de Galicia corresponde aos anos 2014-2017 e ten que axustarse á Lei de xuventude de Galicia aprobada no 2012, aprobouse por acordo do Consello da Xunta de Galicia<sup>3</sup> e serve de base ás directrices elaboradas polo Comité Galego de Políticas de Xuventude.

---

<sup>3</sup> Capítulo I da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia (DOG núm. 139, do 20 de xullo de 2012).

É o principal instrumento para alcanzar a transversalidade en materia de xuventude co resto de consellerías da Xunta de Galicia, así como a coordinación coas diferentes administracións públicas que incidan no seu ámbito de aplicación.

Os obxectivos estratéxicos do plan son:

- Diagnosticar a situación da xuventude galega e realizar unha análise derivada dos datos obtidos onde se propoñan solucións aos principais problemas e necesidades da xuventude en Galicia.
- Servir de instrumento para a toma de decisións políticas, elaborando as liñas estratéxicas e articulando as actuacións prioritarias públicas en materia de xuventude.
- Establecer unha metodoloxía de traballo transversal que sexa a referencia para o resto de consellerías da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, así como para as entidades da Administración local de Galicia.
- Facilitar a avaliación da efectividade das medidas adoptadas no desenvolvemento das políticas de xuventude, a través de sistemas de indicadores e cadros de mando.

O plan estrutúrase en 11 eixes de acción ou sectores básicos de transversalidade:

Xuventude e educación  
Xuventude e emprego  
Xuventude, creatividade e espírito emprendedor  
Xuventude e vivenda  
Xuventude, saúde e deporte  
Xuventude, participación e asociacionismo  
Xuventude e voluntariado  
Xuventude, información e formación  
Xuventude, mobilidade e turismo  
Xuventude e dinamización lingüística  
Xuventude e igualdade

Táboa 2. Plans de xuventude en Galicia

Plan	Período
Plan estratéxico da xuventude de Galicia 2014-2016. Horizonte 2020	2014-2017
Plan xuventude 2013. Unha estratexia para a mocidade galega	2010-2013
Plan estratéxico de xuventude: da información á participación	2004-2007
Plan de acción xove	2000-2003

Elaboración propia. Fonte: Dirección Xeral de Xuventude

## 5. Rede galega de información xuvenil

A Rede galega de información xuvenil é unha peza esencial na execución dunha política dirixida á xuventude, e fundamental para garantir o acceso aos recursos existentes e promover a integración dos mozos en condicións de igualdade para que poidan participar activamente no seu desenvolvemento e como membros dunha sociedade democrática.

Galicia, do mesmo xeito ca o resto de comunidades autónomas no que se refire ás políticas de xuventude, incluíu na súa axenda a información xuvenil e creou en 1994 a Rede de información xuvenil.

En Galicia, a Rede de información e documentación xuvenil configúrase como un servizo público de estrutura territorial que articula e coordina as iniciativas promovidas tanto por organismos públicos como por entidades privadas sen ánimo de lucro, encamiñadas a prestarlle información e asesoramento á mocidade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Ten como obxectivos asegurar que as prestacións dos SIX se desenvolvan en condicións adecuadas, garantir a difusión de información xuvenil ampla e actualizada en todo o ámbito da comunidade autónoma, e favorecer a implantación dos mecanismos de información precisos para posibilitar a igualdade de oportunidades entre a xuventude galega.

A Rede galega de información e documentación xuvenil créaa no ano 1994 a Consellería de Familia, Muller e Xuventude, a través dun decreto no que se regulan as condicións e o procedemento para o recoñecemento oficial dos SIX en Galicia. Modifícaa no ano 1998 a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude a través do Decreto 243/1998, do 30 de xullo, e posteriormente no ano 2000 apróbbase un novo decreto no que se refunde e actualiza a normativa vixente ata ese momento en materia de xuventude. Neste último non hai cambios con respecto ao Decreto de 1998.

Ata 1998, en que aínda non están implantadas e desenvolvidas as TIC (tecnoloxías da información e comunicación) nas administracións públicas, á Dirección Xeral de Xuventude o que lle preocupa é levar a información a todos os concellos de Galicia, polo que o seu obxectivo era crear unha estrutura de carácter territorial encamiñada a lle prestar servizos de información e asesoramento á xuventude no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. É dicir, crear unha Rede de información xuvenil en Galicia, como xa sucedía nalgunhas outras comunidades autónomas. Pretendías chegar a través destes puntos e oficinas ao maior número de mozos galegos.



## **A Rede galega de información xuvenil na Lei de xuventude**

O 19 de xuño de 2012 apróbase a Lei de xuventude de Galicia, que é a primeira da comunidade autónoma. Ata este momento Galicia carecía dunha normativa deste rango, algo co que xa contaban moitas outras autonomías do Estado español.

Esta lei especifica que “as políticas públicas dirixidas á xuventude terán como finalidade mellorar a calidade de vida da xente nova, especialmente a través do acceso á información en materia xuvenil e mediante a participación activa da mocidade no desenvolvemento sustentable, económico e social da Comunidade Autónoma de Galicia”.

### **Información xuvenil**

A información xuvenil é definida como unha actividade que procura o tratamento e a difusión da información xunto co asesoramento e orientación prestados á xuventude nos SIX. O seu obxecto é poñer á disposición da xuventude os elementos necesarios para unha mellor toma de decisións no exercicio da súa liberdade e autonomía e que fagan posible unha plena integración na sociedade.

En cumprimento do principio reitor de información á xuventude, a consellería competente en materia de xuventude establecerá os mecanismos oportunos que garantan o acceso universal a toda a información xuvenil. Isto virá determinado nun decreto que desenvolva esta lei.

### **A Rede galega de información xuvenil**

A Rede galega de información xuvenil queda configurada como un servizo público, do que é responsable o órgano directivo competente en materia de xuventude (nestes momentos a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado), de carácter gratuíto e de estrutura territorial que articula e coordina as iniciativas promovidas tanto por organismos públicos como por entidades privadas sen ánimo de lucro.

### **Obxectivos prioritarios da rede**

A rede ten como obxectivos prioritarios os seguintes:

Asegurar que as prestacións dos SIX se desenvolvan en condicións de eficacia, calidade e igualdade.

Colaborar con outros organismos de natureza análoga de ámbito nacional, europeo e internacional.

Garantir a difusión da información xuvenil de maneira ampla e actualizada en todo o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Favorecer a implantación dos mecanismos para que a información, orientación e asesoramento á xuventude se basee nos principios da Carta europea de información xuvenil, garantindo a igualdade, independencia, calidade e atención persoal á xuventude, respectando a confidencialidade e o anonimato da persoa usuaria e posibilitando a igualdade de oportunidades.

Promover a máxima difusión de información a través das tecnoloxías da información e comunicación, especialmente a través de Internet e das súas redes sociais.

Informar a xuventude daquelas iniciativas culturais, educativas, laborais, deportivas e sanitarias ofertadas a toda a poboación, como principio de integración na comunidade e avogando polos principios reitores de transversalidade e coordinación.

### **Instrumentos da Rede de información xuvenil**

A Rede galega de información xuvenil canaliza toda a información para a xuventude a través do Centro Coordinador de Información Xuvenil, mediante os seguintes instrumentos:

- a) As oficinas locais de información xuvenil, que veñen substituír o que actualmente son as oficinas municipais de información xuvenil (OMIX).
- b) Os puntos de información xuvenil, promovidos tanto polos concellos como por entidades privadas, segundo se determine regulamentariamente.
- c) As oficinas de orientación e asesoramento especializado en xuventude. Estas oficinas xa existen, pero non estaban reguladas no actual Decreto 50/2000.
- d) A Rede galega de centros de xuventude. Espazo Xove. Estes centros que xa existen cambiaron a súa anterior nomenclatura de casas de xuventude por espazos xoves.

As entidades que formen parte da Rede galega de información xuvenil terán que exhibir nas súas dependencias o logotipo da rede. Isto xa estaba recollido no Decreto 50/2000 e nos anteriores de 1994 e 1998.

Na lei especifícase que regulamentariamente se desenvolverá o procedemento para formar parte desta rede, así como o seu funcionamento. No que non contradiga a esta lei mantense o Decreto actual 50/2000.

### **O informador xuvenil e o técnico en xuventude**

Recóllese por primeira vez nunha normativa de Galicia a figura do técnico en xuventude, que terá que ser desenvolvida na súa regulación normativa. O informador ou informadora xuvenil, de acordo con esta lei, será a persoa ou entidade que organice e xestione SIX e leve a cabo accións de información e

dinamización e promova actividades sociais e educativas orientadas a facer efectiva a igualdade de oportunidades ou o desenvolvemento integral da xuventude.

Desde o noso punto de vista consideramos que non ten sentido que a lei diga que “o informador ou informadora xuvenil..., unha entidade que organice e xestione servizos de información xuvenil”, xa que é unha cualificación profesional que exerce unha persoa e a entidade ofrece o servizo. Con todo, este non é un tema de discusión que teña sentido levar neste estudo.

O técnico ou técnica en xuventude será o profesional que oriente e asesore en materia especializada en xuventude e planifique actuacións nesta materia. O acceso á condición de informador xuvenil e de técnico en xuventude e as súas funcións estableceranse na normativa que sexa de aplicación.

A condición e as funcións de informador xuvenil, desde o noso punto de vista, serán as que recolle a cualificación profesional. Non podemos dicir o mesmo do técnico de xuventude xa que, ao non estar regulado, varía dunhas institucións a outras o que se entende actualmente por técnico de xuventude, tanto en requisitos de acceso a este posto de traballo como na súa clasificación nas relacións de postos de traballo (RPT).

### **O Centro Coordinador de Información Xuvenil**

O Centro Coordinador é un servizo adscrito orgánica e funcionalmente ao órgano directivo competente en materia de xuventude da Xunta de Galicia.

#### **a) Funcións**

Ten como funcións as que xa lle outorgaba a normativa anterior á lei:

- Coordinar o conxunto dos servizos de información xeral ou especializada da Rede galega de información xuvenil.
- Recoller, catalogar, elaborar e distribuír tanta información sexa de interese para a mocidade.
- Cooperar con entidades, organizacións e institucións públicas ou privadas na elaboración e execución dos servizos, programas e actividades de información á xuventude.
- Organizar accións formativas dirixidas ao persoal dos SIX e á xuventude en xeral, en colaboración coa Escola Galega de Xuventude.
- Asesorar outras entidades públicas ou privadas sobre a creación e apertura de SIX.
- Colaborar tecnicamente co Observatorio Galego da Xuventude.

Nesta lei especificase que o Centro Coordinador de Información Xuvenil contará coa dotación de persoal necesaria para levar a cabo o exercicio das súas funcións xerais e de coordinación da Rede galega de información xuvenil.

## 6. Educación non formal

Unha das apostas da Dirección Xeral de Xuventude de Galicia ao longo da última década foi o impulso dado á formación no ámbito da educación non formal, dirixida aos técnicos e informadores xuvenís, así como aos mozos e mozas menores de 30 anos. Tamén se aprobou unha orde que regula o recoñecemento, mediante un certificado acreditativo, da experiencia adquirida en determinados programas formativos do órgano competente en materia de xuventude.

Na táboa seguinte especificase por orde cronolóxica (de 1994 a 2013) o número de cursos, de horas formativas e o número de asistentes por cada edición.

Táboa 3. Cursos por anos e horas dirixidos a informadores xuvenís de Galicia

Ano	Número cursos	Número edicións	Número horas	Número asistentes
1994	2	2	50	40
1995	3	3	40	60
1996	1	1	12	20
1997	2	2	25	40
1998	2	2	39	40
1999	1	1	34	20
2000	3	3	74	60
2001	3	3	81	60
2002	3	3	74	60
2003	3	3	74	60
2004	4	4	94	80
2005	5	5	139	100
2006	3	3	72	60
2007	4	5	1624	100
2008	7	7	1644	140
2009	6	6	680	120
2010	11	17	1335	340
*2011	17	26	3478	520
*2012	15	46	3551	1150
*2013	33	76	4298	1900
TOTAL	128	218	17.418	4970

Elaboración propia, a partir dos datos da DXXV de Galicia

\*Cursos abertos a estudantes e titulados universitarios




Gráfico 1. Número de cursos por anos dirixidos a informadores xuvenís de Galicia

Como se pode observar, hai unha grande aposta desde a Dirección Xeral de Xuventude pola formación do persoal da Rede galega de información xuvenil. Desde a súa creación en 1994 ata o ano 2003 impartíanse entre dous e tres cursos ao ano (excepto en 1996 e 1999 que soamente se impartiu un). Nos anos 2004 e 2005 hai un incremento que volve descender no 2006 e 2007. É a partir do 2008 cando o incremento de cursos formativos inicia unha nova etapa ascendente, que supón no 2013 alcanzar a cifra de 33 cursos.




Gráfico 2. Número de edicións e cursos

Ata o ano 2009 soamente se impartía unha edición de cada curso e moitos informadores xuvenís quedaban en reserva. A partir do ano 2010 incrementase o número de edicións por curso. Nese ano realizáronse 11 cursos e 17 edicións. No 2011 realizáronse 26 edicións, no ano 2012 con 15 cursos realizáronse 46, é dicir, máis de tres edicións de media por curso. O ano de maior formación foi o 2013, no que se realizaron 76 edicións de cursos de formación.

Como se pode observar no gráfico seguinte, en canto ao número de horas, é nos anos 2007 e 2008 onde se dá en maior incremento en horas de formación, que supera en máis do 2150 %? con respecto ao ano 2006.

Pero é a partir dos anos 2011, 2012 e 2013 cando se dá o maior número de horas formativas: 11.327 (3478, 3551 e 4298, respectivamente) de toda a historia da Rede galega de información xuvenil. Os tres últimos anos supón case o dobre de formación en horas (11.327) ca desde a súa creación en 1994 ata o 2010 (6091).




Gráfico 3. Número de horas de formación por anos para informadores xuvenís en Galicia

## 7. Certificado de profesionalidade de información xuvenil

Galicia foi a primeira comunidade autónoma que puxo na súa axenda política o procedemento para o recoñecemento de competencias profesionais adquiridas por vías non formais ou por experiencia laboral para a adquisición dun certificado de profesionalidade en información xuvenil, seguida por Baleares e Valencia.

Con estes tres procedementos, todos os técnicos de información xuvenil (que voluntariamente quixeron) puideron acceder á obtención do certificado oficial de informador xuvenil.

O certificado de profesionalidade está constituído por “unidades de competencia” que, pola súa vez, se organizan para a súa aprendizaxe en “módulos formativos”. A Administración laboral ou educativa é a que lles expiden o certificado de profesionalidade correspondente ás persoas que superasen as catro unidades de competencia que conforman o certificado profesional de información xuvenil. Pódese obter a través dos cursos de formación profesional para o emprego ou mediante a presentación ás convocatorias públicas do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, como xa se indicou anteriormente.

a) Acceso a través dos cursos de formación

No caso de acceder a través dos cursos de formación téñense que cursar os módulos formativos que conforman o certificado de profesionalidade. Para acceder a eles requírese algún dos seguintes requisitos:

- Estar en posesión do título de bacharelato ou equivalente.
- Estar en posesión dun certificado de profesionalidade do mesmo nivel do módulo ou módulos formativos e/ou do certificado de profesionalidade ao que desexa acceder.
- Estar en posesión dun certificado de profesionalidade de nivel 2 da mesma familia e área profesional.
- Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao superior ou ben superar as correspondentes probas de acceso reguladas polas administracións educativas.
- Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/ou de 45 anos.
- Ter os coñecementos formativos ou profesionais suficientes que permitan cursar con aproveitamento a formación.

A formación para a obtención do certificado de profesionalidade de información xuvenil consiste nun curso de 480 horas, con catro módulos teóricos e un módulo de prácticas profesionais non laborais de información xuvenil dunha duración de 120 horas.

Actualmente, os destinatarios destes cursos son principalmente mozos desempregados de 16 a 30 anos inscritos como demandantes de emprego. Resérvase un 20 % das prazas para mozos ocupados. A matrícula é gratuítas e o número máximo de alumnos adoita ser de vinte.



Os catro módulos son os que recolle a cualificación profesional xa mencionada anteriormente e que se corresponden coas catro unidades de competencia. Os módulos profesionais cando superan unha carga lectiva de máis de 90 horas adoitan dividirse en unidades formativas; por exemplo, o módulo de “Organización e xestión de servizos de información de interese para a xuventude”, cuxa duración é de 140 horas, divídese en tres unidades formativas:

- Análise da información xuvenil no contexto das políticas de xuventude (40 horas)
- Aplicación de metodoloxías de traballo na información xuvenil (70 horas)
- Aplicación dos procesos innovadores nos SIX (30 horas)

O resto dos módulos formativos non se dividen en unidades formativas, como é o caso de “Organización e xestión de accións de dinamización da información para mozas” de 90 horas, “Organización de accións socioeducativas dirixidas a mozas no marco da educación non formal” de 80 horas; e o módulo de “Fomento e apoio asociativo” de 50 horas.

Os contidos son os xa sinalados na cualificación profesional.

b) Acceso a través da experiencia laboral

No caso de presentarse ao procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, non se require titulación académica ningunha.

O candidato preséntase a cada unha das unidades de competencia que conforman a cualificación profesional. Unha vez superadas as catro unidades de competencia (Organizar e xestionar servizos de información de interese para a xuventude; Organizar e xestionar accións de dinamización da información para mozas; Intervir, apoiar e acompañar na creación e desenvolvemento do tecido asociativo e Organizar accións socioeducativas dirixidas a mozas no marco da educación non formal), obtense o certificado de profesionalidade en información xuvenil.

Como xa mencionamos anteriormente, as comunidades autónomas que convocaron o procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral para as unidades de competencia da cualificación profesional de información xuvenil foron Galicia e Baleares.

As persoas que participaron nestes procedementos debían cumprir os seguintes requisitos:

a) Posuíren a nacionalidade española, estaren incluídas como residentes comunitarias ou familiares destas, ou seren titulares dunha autorización de residencia en España en vigor.

b) Teren 20 anos cumpridos no momento de realizar a inscrición.

c) Teren experiencia laboral de polo menos tres anos, cun mínimo de 2000 horas traballadas en total nos últimos dez anos, e/ou formación non formal de polo menos 300 horas nos últimos dez anos (en ambos os casos eses dez últimos anos transcorridos antes de realizarse a convocatoria relacionada coas competencias profesionais que se queren acreditar).

d) Non estaren matriculadas e/ou cursando simultaneamente un curso de formación profesional inicial (ordinario ou modular) ou para o emprego conducente á acreditación das unidades de competencia nas que soliciten a súa inscrición ou non estaren inscritas noutro procedemento de recoñecemento da experiencia profesional levado a cabo por calquera outra administración ou organismo público, conducente á acreditación das unidades de competencia nas que soliciten a súa inscrición. Tampouco poderán ter completado un curso de formación profesional inicial ou de formación para o emprego polo que teñan dereito á acreditación directa das mesmas unidades de competencia ou equivalentes ás que agora se convocan.

A competencia xeral que se lle esixe ao candidato é a de “organizar e xestionar servizos de información para a xuventude que respondan aos intereses e necesidades deste sector da poboación desenvolvendo accións de información, orientación, dinamización da información, promovendo actividades socioeducativas no marco da educación non formal orientadas a facer efectiva a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento integral da mocidade como cidadáns no contexto dunha sociedade democrática”.

### **Requisitos dos formadores do certificado de profesionalidade**

Para ser profesor en calquera dos módulos formativos que compoñen o certificado de profesionalidade de información xuvenil, hai que estar en posesión dalgún dos seguintes títulos académicos: licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou o título de grao correspondente, diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou outros títulos equivalentes. Ademais requírense dous anos de experiencia profesional no ámbito da unidade de competencia que se desexa impartir.

## **8. Órganos competentes e de representación en materia de xuventude en España**

Ao longo deste apartado desenvolveremos as competencias do órgano competente en materia de xuventude e do órgano de representación de España, centrándonos no Inxuve e no Consello da Xuventude de España.

### **8.1. O INSTITUTO DA XUVENTUDE DE ESPAÑA (INXUVE)**

Na etapa predemocrática, o órgano que tiña as competencias en materia de xuventude era a Secretaría Xeral do Movemento, con rango de ministerio, primeiro a través da Fronte de Xuventudes e logo da Delegación Nacional de Xuventudes.

No ano 1961, en plena ditadura, créase o Instituto da Xuventude (Inxuve), que dependía directamente da Delegación Nacional de Xuventudes, a cal, pola súa vez, dependía do secretario xeral do Movemento, con rango de ministro (Decreto 2223/1961).

Desde a creación de Inxuve en 1961 ata 1985, en que se realiza unha reestruturación do Ministerio de Cultura e se establece unha nova estrutura orgánica que afecta os organismos autónomos, mantéñense dúas estruturas: unha Dirección Xeral de Xuventude (antes Delegación Nacional de Xuventude) e o Inxuve, que depende da primeira.

#### **Evolución e funcións do Inxuve**

As funcións que se lle encomendan na súa creación, dependendo directamente da Delegación Nacional de Xuventudes (Decreto 2223/1961), son as seguintes:

- A creación e o mantemento dun Centro de Información e Documentación Xuvenil.
- A formación, a través da academia José Antonio, dos profesores e instrutores encargados do desenvolvemento e dirección dos ensinos e actividades propias da Delegación Nacional de Xuventudes (profesores de Educación Cívica e Política e Educación Física).
- Estudo e elaboración dos plans, cuestionarios e textos de Educación Cívica e Política e Educación Física con destino á Sección de Ensinos.
- Estudo e elaboración dos plans xerais formativos con destino á Sección Xuvenil.
- Estudo e permanente actualización das técnicas e medios que han de utilizar os servizos para a xuventude.
- O fomento dos estudos sobre toda clase de problemas e cuestións que lle afecten á xuventude.

Como podemos observar, xa nesta etapa se lle dá importancia á información e documentación xuvenil, polo que se crea un Centro de Información e Documentación Xuvenil de ámbito estatal. Hoxe nas comunidades autónomas son os centros autonómicos ou rexionais de información e documentación xuvenil.

En abril de 1977 todos os organismos dependentes da Secretaría Xeral do Movemento que desenvolvían funcións de carácter social foron transferidos á esfera da Administración pública (Real decreto lei 23/1977). Quedou extinguida a Secretaría Xeral do Movemento e todos os órganos colexiados e unipersoais de carácter político de ámbito nacional, provincial e local. O ministro secretario xeral do Movemento pasa a denominarse ministro secretario do Goberno.

Nese mesmo decreto, a Presidencia do Goberno crea a Subsecretaría de Familia, Xuventude e Deporte, dependente da Presidencia do Goberno como órgano da Administración central do Estado ao que lle corresponde a preparación, dirección e execución da política do Goberno no que afecta á protección e tutela da institución familiar, a xuventude, e a condición feminina, a educación física e a práctica deportiva.

Desta Subsecretaría de Familia, Xuventude e Deporte (Real decreto 1119/1977) dependerá a nova Dirección Xeral da Xuventude que, á vez, se estrutura en dúas subdireccións xerais: a Subdirección Xeral de Promoción e Asistencia Técnica e a Subdirección Xeral de Actividades Socioculturais. Desta última, Subdirección Xeral de Actividades Socioculturais, dependía o Servizo de Orientación e Información.

En 1983 creouse o Centro Nacional de Información e Documentación da Xuventude, precursora das futuras redes de información e documentación xuvenil (Aleman & Martín, 2004). Ese mesmo ano créase tamén a Comisión Coordinadora de Centros de Información e Documentación Xuvenil.

En 1985 realízase unha reestruturación do Ministerio de Cultura e establécese unha nova estrutura orgánica que lles afecta aos organismos autónomos<sup>4</sup> e, polo tanto, ao Inxuve; o cal pasa de denominarse Instituto da Xuventude e Promoción Comunitaria a Instituto da Xuventude exclusivamente.

O Inxuve nesta norma defínese como un organismo autónomo de carácter comercial, con personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e queda adscrito ao Ministerio de Cultura, dependendo directamente do titular do departamento.

Os seus fins son os seguintes:

---

<sup>4</sup>Título V do Real decreto 565/1985, do 24 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica básica do Ministerio de Cultura e dos seus organismos autónomos (BOE núm. 103 do 30 de abril de 1985)

- O desenvolvemento e coordinación dun sistema de información e documentación da xuventude.
- A execución da política do departamento respecto da xuventude, en colaboración cos departamentos ministeriais e as administracións públicas cuxas actividades inciden sobre este sector da poboación.
- A promoción da comunicación cultural entre a xuventude de España.
- O fomento do asociacionismo xuvenil e a súa participación en movementos asociativos internacionais.
- O fomento das relacións e da cooperación internacional en materia de xuventude.

Como **funcións** correspóndelle:

- O desenvolvemento da cooperación coas comunidades autónomas en materia de xuventude.
- O fomento do turismo xuvenil e do intercambio de mozos no ámbito nacional e internacional.
- A elaboración e difusión de enquisas, estudos e informes sobre a poboación xuvenil nacional e estranxeira.
- A prestación de calquera outro servizo adecuado para o cumprimento dos seus fins específicos.

Como órganos reitores ten un presidente e un director xeral. O primeiro é o ministro de Cultura e correspóndelle a aprobación dos plans xerais de actividades do instituto. O director xeral é nomeado e cesado por real decreto acordado no Consello de Ministros, por proposta do ministro de Cultura.

En 1988 deixa de depender do Ministerio de Cultura e queda adscrito ao Ministerio de Asuntos Sociais (Real decreto 791/1988).

En 1991 establécese o marco xeral de colaboración entre o Inxuve e os centros e servizos de información e documentación xuvenil (Resolución do 16 de decembro de 1991 do Inxuve).

En 1996, coa desaparición do Ministerio de Traballo e do Ministerio de Asuntos Sociais e a creación dun Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, publícase unha nova estrutura e funcións do Inxuve (Real decreto 2614/1996), que se modifica posteriormente en canto ao nomeamento do director do instituto (Real decreto 2288/1998).

Nesta nova estrutura segue definíndose como organismo autónomo de carácter comercial, adscrito ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a través da Secretaría Xeral de Asuntos Sociais, con personalidade xurídica propia.

Os seus fins e funcións son practicamente os mesmos que tiña no ano 1985 a través do Real decreto 565/1985, do 24 de abril, cando dependía do Ministerio de Cultura.

En maio de 2005 apróbase o novo estatuto deste organismo autónomo, que queda adscrito ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, con personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesourería propios, así como autonomía de xestión e plena capacidade xurídica e de obrar, dentro da súa esfera de competencias (Real decreto 486 /2005).

Ten como principios xerais promover a igualdade de oportunidades entre os mozos; propiciar a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural de España e impulsar a colaboración cos restantes departamentos ministeriais e as demais administracións públicas, cuxas actividades inciden sobre este sector da poboación.

Os seus fins son os seguintes: o fomento do asociacionismo xuvenil e a colaboración para o seu avance; o desenvolvemento e coordinación dun sistema de información e comunicación en materia de xuventude; o fomento das relacións e da cooperación internacional en materia de xuventude; a promoción cultural da xuventude e o coñecemento doutras realidades culturais; o fomento da formación nos valores de solidariedade e igualdade; o desenvolvemento das condicións sociais e políticas necesarias para a emancipación dos mozos; a promoción das accións que redunden no desenvolvemento sustentable e en hábitos de vida saudable da xuventude; e en xeral, a execución das políticas do departamento respecto da xuventude.

No 2008, adscríbese ao Ministerio de Igualdade, mantendo a mesma estrutura e funcións que tiña ata este momento (Real decreto 1135/2008).

No 2011 adscríbese á Secretaría de Estado de Igualdade, do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade (Real decreto 263/2011).

Desde o 24 de xaneiro de 2012 ata hoxe está adscrito á Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade; coa natureza xurídica, estrutura e funcións que se prevén para cada un deles na súa normativa específica; co obxecto de permitir darlles un enfoque integrado ás políticas de xuventude (Real decreto 200/2012).

## **A información xuvenil no Instituto da Xuventude**

No ámbito da información xuvenil, o Inxuve é o referente estatal para a relación, no ámbito europeo,<sup>5</sup> coas asociacións e servizos da información xuvenil, concretamente con Eryica, Eurodesk e Eyca.

O Inxuve ten unha publicación periódica: guía informativa que se nutre da información que recibe das comunidades autónomas e da que xera directamente. Esta información envíase por correo electrónico a todos os centros coordinadores de información xuvenil de España.

Participa na Coordinadora Estatal de Información Xuvenil, da que forman parte os centros coordinadores de información xuvenil das 17 comunidades autónomas e as dúas cidades autónomas (Ceuta e Melilla).

Organiza os encontros estatais de información xuvenil en colaboración coas comunidades autónomas, a través da Coordinadora Estatal de Información Xuvenil.

Leváronse a cabo quince encontros, o primeiro en Murcia en 1983, e o último, 30 anos despois en Mollina (Málaga) en xuño de 2013. A temática dos encontros, sempre arredor da información xuvenil, organizábase en función das demandas que chegaban desde os SIX. No capítulo 5 deste estudo desenvolvemos os mencionados encontros.

Tamén colabora na información xuvenil especializada, a través das oficinas de emancipación xuvenil, da bolsa de vivenda nova en alugamento e da Asesoría de Información e Orientación Afectivo-Sexual.

## **A Comisión Interministerial para a Xuventude**

No ámbito estatal, en 1986, créase a Comisión Interministerial para a Xuventude como órgano colexiado específico de programas en materia de xuventude da Administración do Estado (Real decreto 658/1986), que ten as seguintes funcións:

- A proposta ao Goberno de programas de política para a xuventude que articulen os factores económicos, sociais, políticos e culturais que inciden no proceso de inserción da xuventude na vida social activa.
- O estudo dos problemas da xuventude e a proposta de programas e medidas que contribúan a resolvelos.
- A coordinación das actuacións dos distintos departamentos ministeriais relacionadas especificamente coa xuventude.

---

<sup>5</sup> Eryica é a Axencia Europea para a Información e o Asesoramento aos Mozos, Eurodesk é a Rede de información sobre oportunidades europeas para a xuventude e Eyca é a Asociación Europea do Carné Xove.

- A especial atención ás formulacións e iniciativas formulados polo Consello da Xuventude de España.
- A execución de iniciativas conducentes ao mellor cumprimento das funcións que se lle atribúen.

Esta Comisión Interministerial de Xuventude ten a súa réplica nas comunidades autónomas. No caso de Galicia correspóndese coa anterior Comisión Interdepartamental de Xuventude, que actualmente, na Lei de xuventude de Galicia, se denomina Comité Galego de Políticas de Xuventude.

## **8.2. O CONSELLO DA XUVENTUDE DE ESPAÑA**

No ámbito nacional e autonómico existen órganos ou entidades de representación e fomento das organizacións xuvenís, co obxecto de facilitar a participación da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural da súa autonomía ou país.

Así, no ámbito nacional, creouse o Consello da Xuventude de España (CXE) por lei no ano 1983 como entidade de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins (Lei 18/1983).

Ten como fin ofrecer unha canle de libre adhesión para propiciar a participación da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural de España.

O Consello da Xuventude de España ten as seguintes funcións:

- Colaborar coa Administración mediante a realización de estudos, emisión de informes e outras actividades relacionadas coa problemática e intereses xuvenís que poidan serlle solicitados ou acorde formular pola súa propia iniciativa, para o que poderá ter acceso á información do Centro Nacional de Documentación e Información da Xuventude.
- Participar nos consellos ou organismos consultivos que a Administración do Estado estableza para o estudo da problemática xuvenil.
- Fomentar o asociacionismo xuvenil estimulando a súa creación e prestando o apoio e a asistencia que lle fose requirida.
- Fomentar a comunicación, relación e intercambio entre as organizacións xuvenís dos distintos entes territoriais e, de modo especial, as relacións coas entidades interasociativas que teñan como fin a representación e participación da xuventude, sen prexuízo do disposto no artigo 149.2 da Constitución.
- Representar os seus membros nos organismos internacionais para a xuventude de carácter non governamental.



- No ámbito autonómico tamén existen os consellos de xuventude como órganos de representación das asociacións xuvenís no seu respectivo territorio.
- No caso de Galicia, foi substituído polo Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia (Decreto 57/2014).

## **9. Órganos competentes e de representación en materia de xuventude nas comunidades autónomas**

A continuación analizamos os órganos competentes en materia de xuventude das comunidades autónomas e dos órganos de representación da xuventude.

### **9.1. ÓRGANO COMPETENTE EN MATERIA DE XUVENTUDE NAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS**

O órgano competente en materia de xuventude tivo rango de dirección xeral ou de instituto de xuventude, como norma xeral, nas 17 comunidades.

Das 17, 13 tiveron instituto, con practicamente as mesmas competencias ca as direccións xerais de xuventude nas comunidades que non se creou o devandito organismo. As comunidades con instituto foron as seguintes: Andalucía, Aragón, Asturias, Illas Baleares, Castela e León, Extremadura, Navarra, A Rioxa e Valencia. En Canarias, Castela-A Mancha, Cataluña e Murcia desapareceron os institutos e actualmente son direccións. Cantabria, Madrid, País Vasco e Galicia teñen dirección xeral de xuventude ou están compartidas.

Galicia, coa Lei de xuventude aprobada no ano 2012, crea o Instituto da Xuventude de Galicia, non como un organismo autónomo, senón como unha unidade administrativa con rango de subdirección xeral que depende da Dirección Xeral de Xuventude. Esta situación que se dá actualmente en Galicia, salvando as diferenzas, é similar á que había no ámbito estatal ata o ano 1985, en que había unha Dirección Xeral de Xuventude e un instituto dependente dela.

Nalgunhas comunidades que contaban con instituto propio, coa crise actual uníronse a outro ou a unha dirección xeral. As Comunidades de Navarra, Madrid ou A Rioxa uniron Xuventude e Deportes. Noutras uníronse con Cultura (Illas Baleares), con Igualdade e Muller (Cantabria), con Emprego (Castela-A Mancha), coa Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Participación Cidadá (Canarias), coa macro Dirección Xeral de Prevención de Violencia de Xénero e Protección Xurídica e Reforma de Menores (Murcia).

En Galicia non experimentou variación desde que pasou de ser Dirección Xeral de Xuventude a aumentar as súas competencias con Voluntariado (2006-2009), pasando a denominarse Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade. Posteriormente o termo solidariedade cambiouse por voluntariado, pero asumindo

as mesmas funcións e competencias. A día de hoxe denomínase Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Galicia ten instituto con rango de subdirección xeral, dependendo directamente da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, xunto coas outras dúas subdireccións xerais.

As direccións xerais con maior número de competencias, nas que se inclúe xuventude, son Murcia, Canarias e Cantabria. A primeira pasou de Dirección Xeral de Xuventude en exclusiva a integrarse na Dirección Xeral de Prevención de Violencia de Xénero, Xuventude, Protección Xurídica e Reforma de Menores; en Canarias, a Dirección Xeral de Relacións Institucionais, Participación Cidadá e Xuventude e en Cantabria, a Dirección Xeral de Igualdade, Muller e Xuventude.

En canto á dependencia da estrutura orgánica, tamén é desigual entre as comunidades, e repártese entre Benestar, Presidencia, Emprego ou Educación.

Da Consellería de Benestar depende en Andalucía (Consellería para a Igualdade e Benestar Social), Aragón (Departamento de Sanidade, Benestar Social e Familia), Cataluña (Departamento de Benestar Social e Familia), Galicia (Consellería de Política Social) e Valencia (Consellería de Benestar Social). Poderíamos incluír Navarra, aínda que con outra denominación: Departamento de Políticas Sociais.

En Extremadura e Murcia depende directamente de Presidencia; en Cantabria e A Rioxa, da Consellería de Presidencia e Xustiza e en Canarias, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Igualdade: Viceconsellería de Relacións co Parlamento, Participación Cidadá e Xuventude.

En Castela-A Mancha depende da Consellería de Emprego e Economía; e en Baleares da Consellería de Educación, Cultura e Universidades. En Ceuta hai unha Área de Xuventude e en Melilla unha Viceconsellería de Xuventude.

A continuación mostramos na seguinte táboa o órgano competente en materia de xuventude de cada comunidade autónoma:

Táboa 4. Dependencia orgánica da dirección xeral ou instituto de xuventude

CCAA	ÓRGANO SUPERIOR	DEPENDENCIA DO ÓRGANO COMPETENTE	LEXISLACIÓN
ANDALUCÍA	Instituto Andaluz da Xuventude	Consellería para a Igualdade e Benestar Social	Decreto 146/2012, do 5 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería da Presidencia e Igualdade (BOJA núm.

			33, do 7 de febreiro de 2013)
ARAGÓN	Instituto Aragonés da Xuventude	Departamento de Sanidade, Benestar Social e Familia	Decreto 337/2011, do 6 de outubro, do Gobierno de Aragón, polo que se aproba a estrutura orgánica do Departamento de Sanidade, Benestar Social e Familia (BOA núm. 203, do 14 de outubro de 2011)
CANTABRIA	Dirección Xeral de Igualdade, Muller e Xuventude	Consellería de Presidencia e Xustiza	Decreto 87/2011, do 7 de xullo, polo que se modifica parcialmente a estrutura básica das consellerías do Goberno de Cantabria (BOC núm. 41, do 8 de xullo de 2011)
CASTELA E LEÓN	Instituto da Xuventude	Consellería de Familia e Igualdade de Oportunidades	Decreto 37/2011, do 7 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Familia e Igualdade de Oportunidades (BOCyL núm.132, do 8 de xullo de 2011)
CASTELA-A MANCHA	DX Emprego e Xuventude	Consellería de Emprego e Economía	Decreto 121/2012, do 2 de agosto de 2012, polo que se establece a estrutura orgánica e se fixan as competencias dos órganos integrados na Consellería de Emprego e Economía (DOCM núm.153, do 6 de agosto de 2012)
CATALUÑA	Dirección Xeral	Departamento de	Decreto 332/2011, do 3 de maio, de

	de Xuventude	Benestar Social e Familia	reestruturación do Departamento de Benestar Social e Familia (DOGC núm. 5872, do 5 de maio de 2011)
ESTREMADURA	Instituto da Xuventude e Consello da Xuventude de Extremadura	Presidencia	Decreto 128/2012, do 6 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Presidencia da Junta de Extremadura (DOE núm. 135, do 13 de xullo de 2012).
GALICIA	Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado	Consellería de Política Social	Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social (DOG núm. 232, do 4 de decembro de 2015)
ILLAS BALEARES	Dirección Xeral de Cultura e Xuventude Instituto Balear de Xuventude	Consellería de Educación, Cultura e Universidades	Decreto 12/2011, do 18 de xuño, do presidente das Illas Baleares, polo que se establecen as competencias e a estrutura orgánica básica das consellerías da Administración da Comunidade Autónoma das Illas Baleares  Decreto 126/2012, do 25 de outubro (BOIB núm. 91, do 20 de xuño de 2011)

ILLAS CANARIAS	Dirección Xeral de Relacións Institucionais, Participación Cidadá e Xuventude	Consellería de Presidencia, Xustiza e Igualdade Viceconsellería de Relacións co Parlamento, Participación Cidadá e Xuventude	Decreto 2/2013, do 10 de xaneiro, que modifica o Decreto 170/2011, do 12 de xullo, polo que se determina a estrutura central e periférica, así como as sedes das consellerías do Goberno de Canarias (BOC núm. 11, do 17 de xaneiro de 2013)
A Rioxa	Dirección Xeral do Deporte e do Instituto Rioxano da Xuventude	Consellería de Presidencia e Xustiza	Decreto 30/2012, do 13 de xullo, de extinción do Instituto Rioxano da Xuventude, organismo autónomo do sector público da Comunidade Autónoma da Rioxa (BOR núm. 87, do 16 de xullo de 2012)
MADRID	Dirección Xeral de Xuventude e Deportes	Viceconsellería de Educación, Xuventude e Deportes da Consellería de Educación, Xuventude e Deporte	Decreto 126/2012, do 25 de outubro, do Consello de Goberno, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Xuventude e Deporte (BOCM núm. 256, do 26 de outubro de 2012)
MURCIA	Dirección Xeral de Prevención de Violencia de Xénero, Xuventude, Protección Xurídica e Reforma de Menores	Presidencia	Decreto 141/2011, do 8 de xullo, polo que se establecen os órganos directivos da Consellería de Presidencia (BORM núm. 157, do 11 de xullo de 2011)

NAVARRA	Instituto Navarro de Deporte e Xuventude	Departamento de Políticas Sociais	Decreto foral 73/2012, do 25 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do Departamento de Políticas Sociais (BON núm. 150, do 31 de xullo de 2012)
PAÍS VASCO	Dirección de Xuventude	Departamento de Educación, Política Lingüística e Cultura Viceconsellería de Cultura, Xuventude e Deportes	Decreto 20/2012, do 15 de decembro, do lehendakari, de creación, supresión e modificación dos departamentos da Administración da Comunidade Autónoma do País Vasco e de determinación das súas funcións e áreas de actuación (BOPV núm. 243, do 17 de decembro de 2012)
PRINCIPADO DE ASTURIAS	Instituto Asturiano da Xuventude	Presidencia Dirección Xeral do Instituto Asturiano da Muller e Políticas de Xuventude	Decreto 71/2012, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica básica da Consellería de Presidencia  Decreto 224/2012, do 19 de decembro (BOPA núm.138, do 15 de xuño de 2012)
VALENCIA	Dirección Xeral da Xuventude. Instituto Valenciano da Xuventude	Consellería de Benestar Social	Decreto 193/2012, do 21 de decembro, do Consello, polo que aproba o Regulamento orgánico e funcional da Consellería de Benestar Social Decreto 21/2012

			(DOCV núm. 6929, do 24 de decembro de 2012)
--	--	--	---

Elaboración propia. Fonte: normativas autonómicas

## 9.2. ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN DAS ORGANIZACIÓNS XUVENÍS NAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

No ámbito autonómico existen órganos ou entidades de representación e fomento das organizacións xuvenís, co obxecto de facilitar a participación da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural da súa autonomía, con funcións similares ao Consello de Xuventude de España, pero reducidos ao seu ámbito territorial.

### Consellos autonómicos da xuventude

Os consellos da xuventude das comunidades autónomas son órganos de participación, representación e consulta no desenvolvemento das políticas das respectivas comunidades en materia de xuventude, adscritos na maioría dos casos aos órganos directivos competentes en materia de xuventude, cuxo obxecto é promover a participación e o asociacionismo xuvenil.

Desde as comunidades autónomas, ademais dos consellos autonómicos de xuventude, poténciase a creación de consellos locais ou municipais de xuventude.

Táboa 5. Órgano superior do que dependen os consellos de xuventude

CCAA	DEPENDENCIA DO ÓRGANO COMPETENTE	LEXISLACIÓN
ANDALUCÍA	Consellería para a Igualdade e Benestar Social	Decreto 6/2007, do 9 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de funcionamento interno do Consello da Xuventude de Andalucía (BOJA núm.19, do 25 de xaneiro de 2007)
ARAGÓN	Departamento de Sanidade, Benestar Social e Familia	Lei 28 de marzo de 1985 do Consello da Xuventude de Aragón (BOE núm. 133, do 4 de xuño de 1985)
CANTABRIA	Consellería de Presidencia e Xustiza	Lei 4/2001, do 15 de outubro, do Consello da Xuventude de Cantabria (BOC núm. 205, do 23 de decembro de 2001)

CASTELA E LEÓN	Consellería de Familia e Igualdade de Oportunidades	Lei 5 de outubro de 1984 de creación do Consello da Xuventude (BOE núm.19, do 22 de xaneiro de 1985)
CASTELA-A MANCHA	Consellería de Emprego e Economía	Lei 2/1986, do 16 de abril, de creación do Consello rexional da Xuventude (BOE núm. 168, do 15 de xullo de 1986)
CATALUÑA	Departamento de Benestar Social e Familia	Lei 24/1998, do 30 de decembro, de modificación da Lei 14/1985, do 28 de xuño, pola que se regula o Consello Nacional da Xuventude de Cataluña (DOGC núm. 2801, do 8 de xaneiro de 1999)
ESTREMADURA	Presidencia	Lei 13/2010, do 24 de novembro, do Consello da Xuventude de Extremadura (DOE núm. 228, do 26 de novembro de 2010)
GALICIA	Consellería de Política Social	Decreto polo que se crea o Consello da Xuventude de Galicia (DOG núm. 180, do 1 de decembro de 1983)  Orde de desenvolvemento do Decreto 223/1983, do 28 de xuño, polo que se crea o Consello da Xuventude de Galicia (DOG núm. 3, do 5 de xaneiro de 1984)  Decreto 57/2014, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia (DOG núm. 101, do 28 de maio de 2014)
ILLAS BALEARES	Consellería de Educación, Cultura e Universidades	Lei do 28 de marzo de 1985, do Consello de Xuventude, das Illas Baleares (BOE núm. 202, do 23 agosto de 1985)



ILLAS CANARIAS	<p>Consellería de Presidencia, Xustiza e Igualdade Viceconsellería de Relacións co Parlamento, Participación Cidadá e Xuventude</p>	<p>Decreto 21/1985, do 18 de xaneiro, polo que se crea o Consello da Xuventude de Canarias (BOC núm. 57, do 13 de maio de 1985)</p> <p>Lei 7/2007, do 13 de abril, canaria de xuventude pendente de nova creación do Consello da Xuventude Canaria (BOC núm. 78, do 19 de abril de 2007)</p>
A RIOXA	<p>Consellería de Presidencia e Xustiza</p>	<p>Lei 2/1986, do 5 de marzo, do Consello da Xuventude da Rioxa (BOE núm. 138, do 10 de xuño de 1986)</p> <p>Lei 2/1992, do 4 de maio, pola que se modifican determinados preceptos da Lei 2/1986, do 5 de marzo, do Consello da Xuventude da Rioxa (BOE do 25 de maio de 1992)</p> <p>Lei 7/2005, do 30 de xuño, de xuventude da Rioxa (BOE núm. 178, do 27 de xullo de 2005)</p>
MADRID	<p>Viceconsellería de Educación, Xuventude e Deportes da Consellería de Educación, Xuventude e Deporte</p>	<p>Lei 10/1986, do 4 de decembro, do Consello da Xuventude da Comunidade de Madrid (BOCM do 18 de decembro de 1986)</p> <p>Lei 11/2000, do 16 de outubro, do Consello da Xuventude da Comunidade de Madrid (BOCM do 24 de outubro de 2000)</p> <p>Lei 3/2002, do 19 de xuño, de modificación da Lei 11/2000, do 16 de outubro, do Consello da Xuventude da Comunidade de Madrid (BOCM do 28 de xuño de 2002)</p>

		Decreto 64/2003, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Consello da Xuventude da Comunidade de Madrid
MURCIA	Presidencia	Lei do 26 de setembro de 1984 pola que se crea o Consello da Xuventude da rexión de Murcia (BOE núm. 251, do 19 de outubro de 1984)
NAVARRA	Departamento de Políticas Sociais	Decreto foral 300/1988, do 27 de decembro, que modifica o Decreto foral 110/1986, do 18 de abril, de creación do Consello da Xuventude de Navarra (BON núm. 6, do 13 de xaneiro de 1989)
PAÍS VASCO	Departamento de Educación, Política Lingüística e Cultura Viceconsellería de Cultura, Xuventude e Deportes.	Lei 6/1986, do 27 de maio, do Consello da Xuventude de Euskadi (BOPV núm. 113, do 11 de xuño de 1986)
PRINCIPADO DE ASTURIAS	Presidencia Dirección Xeral do Instituto Asturiano da Muller e Políticas de Xuventude	Lei 1/1986, do 31 de marzo, do Consello da Xuventude do Principado de Asturias (BOE núm. 139, do 11 de xuño de 1986)
VALENCIA	Consellería de Benestar Social	Decreto 14/1983, do 31 de xaneiro, polo que se crea na Consellería de Cultura, Educación e Ciencia o Consello da Xuventude da Comunidade Valenciana (DOCV núm. 93, do 5 de febreiro de 1983) Orde do 1 de marzo de 1985 pola que se aproba o Regulamento do Consello da Xuventude (DOGV núm. 265, do 1 de xullo de 1985)

Elaboración propia. Fonte: normativas autonómicas

## **10. Órganos competentes e de representación en materia de xuventude en Galicia**

Ao longo deste apartado realizamos unha descrición cronolóxica do órgano directivo responsable en materia de xuventude en Galicia desde a transferencia de competencias do Estado á comunidade autónoma ata a actualidade.

Analizamos a dependencia do órgano directivo<sup>6</sup> responsable en materia de xuventude e as funcións que este tivo desde a súa creación. Dependendo dunha ou doutra consellería influíu no desenvolvemento das actuacións que cada dirección xeral de xuventude puxo en marcha en cada momento. Nas entrevistas en profundidade levadas a cabo neste estudo, os participantes poñen de manifesto que si existen diferenzas nas políticas de xuventude que se aplican en función da consellería da que depende a dirección ou instituto da xuventude. Abordamos tamén o nome do responsable da Dirección Xeral de Xuventude, desde a aprobación do Estatuto de Autonomía ata os nosos días, co obxecto de que poida servir para futuros estudos.

As referencias en materia de xuventude están recollidas na Constitución e no Estatuto de autonomía de Galicia. Así, a Constitución española, no seu artigo 48, sinala que “os poderes públicos promoverán as condicións para a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural”.

No Estatuto de Autonomía de Galicia establécese, no seu artigo 27, que “lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva nas materias de fomento da cultura en Galicia, a promoción do deporte e a idónea utilización do lecer e a promoción do desenvolvemento comunitario”.

Este artigo sempre se utiliza como referente en xuventude pola utilización do lecer e a promoción do desenvolvemento comunitario, aínda que ambos os aspectos non son específicos da xuventude senón de toda a sociedade. Con todo, si se especifica no Decreto 285/1989, do 16 de decembro, no cal se establece que Galicia asume as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado á comunidade autónoma en materia de promoción sociocultural, no ámbito da xuventude e desenvolvemento comunitario.

### **10.1. ETAPAS E ESTRUCTURA DA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE**

Na Galicia preautonómica, a competencia en materia de xuventude correspondíalle ao Ministerio de Cultura, a través da Dirección Xeral de Xuventude e do organismo autónomo Inxuve e Promoción Comunitaria (Real decreto 2183/1980).

---

<sup>6</sup>O órgano directivo adoita ser unha dirección xeral ou secretaría xeral que depende do órgano responsable da materia (consellería).

A través de convenios de colaboración, no caso de Galicia, as funcións eran desenvolvidas pola Consellería de Educación e Cultura (o conselleiro nese momento era Alejandro Fernández Barreiro) a través da Secretaría de Acción Cívico-Social, Xuventude e Deportes. Ao secretario, nese momento Óscar Cachemiro Rocha, concédeselle a categoría de subdirector xeral, sen efectos económicos, desde o 1 de xullo de 1981 (Decreto 24/1981).

Practicamente desde o primeiro goberno autonómico (1982) o órgano competente en materia de xuventude é unha consellería e delégaa nun órgano directivo, que en Galicia foi sempre unha dirección xeral, nalgunhas ocasións compartida con outras áreas: deportes, ou actualmente con participación e voluntariado.

A Dirección Xeral de Xuventude pasou por distintas etapas. Nun primeiro momento compartía dirección con outras áreas. Con todo, tivo nos seus momentos de esplendor, competencias únicas como Dirección Xeral de Xuventude, o que lle confire maior visibilidade.

A Dirección Xeral de Xuventude estivo vinculada con Deportes desde 1981 ata 1990, con excepción do ano 1983, en que dependía da Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes e era a Dirección Xeral de Xuventude e Desenvolvemento Comunitario.

A dependencia orgánica durante estes anos foi variando porque variaba a estrutura das consellerías. Desde 1981 ata 1990 pasou por cinco consellerías. Comezou na Consellería de Educación e Cultura, pasou logo a Turismo e Deportes; Turismo, Xuventude e Deportes; Cultura e Benestar; e de novo á Consellería de Cultura e Deportes.

En 1990 créase a Consellería de Cultura e Xuventude. Nesta etapa, por primeira vez, xuventude obtén rango de dirección xeral coas competencias de xuventude sen compartir con outra área. Manterase en solitario ata o ano 2005.

En 1993 pasa a depender da Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude ata o ano 2003, en que a consellería se denomina Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado, para logo reconverterse en Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado (volve deportes a estar na mesma consellería ca xuventude, aínda que son direccións xerais distintas).

A partir do ano 2005 asume as competencias de Voluntariado. Primeiro, de 2005 a 2009, coa denominación de Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, dependendo da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. A partir de 2009 e ata 2015 denomínase Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, dependendo da Consellería de Traballo e Benestar. A partir desta data ata actualidade engádese Participación, quedando como Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e dependendo da Consellería de Política Social.

No ano 2013, coa última estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, creouse o Instituto Galego de Xuventude. Este depende da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e ten rango de subdirección xeral. O instituto é unha unidade administrativa con competencias que practicamente xa tiña como subdirección xeral, xa que non é un organismo autónomo.

Na seguinte táboa pódense observar as distintas consellerías polas que pasou a competencia en materia de xuventude na Xunta de Galicia e o nome da persoa que exerceu a subdirección ou dirección xeral. Durante 15 anos mantívose exclusivamente como Dirección Xeral de Xuventude (1990-2005).

Táboa 6 . Responsables do órgano directivo competente en materia de xuventude desde a preautonomía ata 2013

<b>ANO</b>	<b>Consellería</b>	<b>Dirección Xeral</b>	<b>Director/a</b>
1981	Educación e Cultura	Secretaría Acción Cívico-Social, Xuventude e Deportes	Subdirector xeral: Óscar Cacheiro Rocha
1982	Turismo e Deportes	Deportes, Xuventude e Desenvolvemento Comunitario	Juan Carlos Costas Rosés
1983	Turismo, Xuventude e Deportes	Xuventude e Desenvolvemento Comunitario	Aquilino Lousa Rodríguez
1983	Turismo, Xuventude e Deportes	Xuventude e Deportes	Aquilino Lousa Rodríguez
1986	Cultura e Benestar	Xuventude e Deportes	Gonzalo Varela Porto
1987	Cultura e Deportes	Xuventude e Deportes	José Otero Garrido
1990	Cultura e Xuventude	Xuventude	José Santiago Camba Bouzas
1993	Familia, Muller e Xuventude	Xuventude	José Santiago Camba Bouzas
1995	Familia, Muller e Xuventude	Xuventude	Eugenio Curral Álvarez
1996	Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude	Xuventude	Eugenio Curral Álvarez
1998	Familia, Promoción do emprego, Muller e Xuventude	Xuventude	María José Bravo Bosch
2002	Familia, Promoción do emprego, Muller e	Xuventude	Loreto Sanmartín Gómez

	Xuventude		
2003	Familia, Xuventude e Voluntariado	Xuventude	Loreto Sanmartín Gómez
2004	Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado	Xuventude	Loreto Sanmartín Gómez
2005	Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	Xuventude e Solidariedade	Rubén Cela Díaz
2009	Traballo e Benestar	Xuventude e Voluntariado	Ovidio Rodeiro Tato
2015	Traballo e Benestar	Xuventude e Voluntariado	Cecilia Vázquez Suárez
2015	Política Social	Xuventude, Participación e Voluntariado	Cecilia Vázquez Suárez

Elaboración propia. Fonte: *Diario Oficial de Galicia*

#### **10.1.1. Consellería de Turismo e Deportes. Dirección Xeral de Deportes, Xuventude e Desenvolvemento Comunitario**

Na estrutura administrativa da Xunta de Galicia, no ano 1982, as competencias de xuventude, por delegación, están na Consellería de Turismo e Deportes (o conselleiro é Miguel Ángel Villanueva Cendón), a través da Dirección Xeral de Deportes, Xuventude e Desenvolvemento Comunitario, e noméase como director deste departamento o 3 de marzo a Juan Carlos Costas Rosés que será cesado por petición propia en decembro dese mesmo ano.

#### **10.1.2. Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes. Dirección Xeral de Xuventude e Desenvolvemento Comunitario**

O 17 de marzo de 1983 publícase a nova estrutura orgánica e créase a Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes, que conta cunha Secretaría Xeral Técnica e tres direccións xerais: Dirección Xeral de Turismo e Tempo Libre, Dirección Xeral de Xuventude e Desenvolvemento Comunitario e a Dirección Xeral de Deportes, e catro delegacións provinciais: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra (Decreto 38/1983).

As competencias que se lle outorgan á Dirección Xeral de Xuventude e Desenvolvemento Comunitario son as seguintes:

Promoción, asistencia e desenvolvemento da actividade asociativa e a participación da xuventude na vida social; a asistencia social e promoción sociocultural da

familia; a integración na vida comunitaria dos discapacitados psíquicos e físicos e dos sectores marxinados.

Para iso esta dirección xeral conta coas seguintes unidades:

- Subdirección Xeral de Xuventude e Desenvolvemento Comunitario
- Servizo de Centros e Instalacións
- Servizo de Promoción e Asociacionismo Xuvenil

A Subdirección Xeral de Xuventude e Desenvolvemento Comunitario tiña as funcións de apoio á dirección xeral.

O Servizo de Centros e Instalacións era o responsable da xestión dos albergues, residencias, campamentos, casas da xuventude, clubs xuvenís, centros sociais, instalacións recreativo-deportivas da xuventude e outras de análoga natureza.

Ao Servizo de Promoción e Asociacionismo Xuvenil correspondíalle a asistencia ás actividades das asociacións, a cooperación e intercambio xuvenil, a formación de cadros para as actividades xuvenís e a xestión das oficinas de información xuvenil. Estas oficinas de información xuvenil estaban nos servizos centrais e delegacións provinciais xa que nese momento aínda non existía a Rede galega de información xuvenil.

No ámbito periférico, había catro delegacións provinciais de Turismo, Xuventude e Deportes, unha en cada provincia: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, que desempeñaban nos seus respectivos ámbitos territoriais as funcións e actividades delegadas da consellería.

Naquel momento os delegados provinciais eran designados entre funcionarios públicos de carreira para cuxo ingreso se esixía unha titulación universitaria superior; o seu nomeamento e cesamento efectuábase por decreto da Xunta de Galicia por proposta do conselleiro de Turismo, Xuventude e Deportes. Actualmente non se esixen estes requisitos. Estes dependían xerarquicamente da persoa responsable da consellería e funcionalmente do secretario xeral técnico e dos directores xerais da consellería, no ámbito das súas respectivas competencias.

### **10.1.3 Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes. Dirección Xeral de Xuventude e Deportes**

Sete meses despois, en outubro de 1983, faise unha nova reestruturación dos órganos da Xunta de Galicia e créase a Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes (Decreto 142/1983), que na súa estrutura conta con tres órganos superiores:

- Secretaría Xeral Técnica
- Dirección Xeral de Xuventude e Deportes
- Dirección Xeral de Turismo e Tempo Libre
- Delegación Provincial (unha en cada provincia)

Nesta nova estrutura, a Dirección Xeral de Xuventude e Desenvolvemento Comunitario pasa a denominarse Dirección Xeral de Xuventude e Deportes e conta con tres subdireccións xerais e dous servizos que dependen directamente dela:

- Subdirección Xeral de Xuventude
- Subdirección Xeral de Deportes
- Subdirección Xeral de Centros e Instalacións

Baixo a dependencia inmediata do director xeral atópanse dous servizos:

- Servizo de Promoción e Asociacionismo
- Servizo de Coordinación Deportiva

A esta nova Dirección Xeral de Xuventude e Deportes correspóndenlle as seguintes funcións en materia de xuventude: a promoción, asistencia e desenvolvemento da actividade asociativa e de participación da xuventude na vida social; a dirección e xestión das casas de xuventude, centros sociais e demais instalacións, incluídas as recreativo-deportivas, así como de residencias, albergues e campamentos xuvenís e a súa regulación; as escolas de tempo libre, a promoción sociocultural de mozos discapacitados psíquicos, físicos e marxinados.

#### **10.1.4. Consellería de Cultura e Deportes. Dirección Xeral de Xuventude e Deportes**

En 1989 publícase a estrutura da Consellería de Cultura e Deportes (Orde do 31 de xaneiro de 1989) que, ademais dunha Secretaría Xeral Técnica, ten tres direccións xerais:

- Dirección Xeral de Xuventude e Deportes
- Dirección Xeral de Cultura
- Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental

A Dirección Xeral de Xuventude e Deportes conta coa seguinte estrutura:

No ámbito de Xuventude:

- Subdirección Xeral de Xuventude
- Servizo de Promoción e Centros Xuvenís

No ámbito periférico, en cada provincia hai unha delegación provincial que conta coa Secretaría Provincial e unha Área de Xuventude e Deportes, cunha Sección de Xuventude.



### **10.1.5. Consellería de Cultura e Xuventude. Dirección Xeral da Xuventude**

En 1990, por primeira vez, créase unha dirección xeral única en materia de xuventude, coa denominación de Dirección Xeral da Xuventude,<sup>7</sup> a cal depende da Consellería de Cultura e Xuventude.

A estrutura desta nova Dirección Xeral de Xuventude conta cunha Subdirección Xeral de Xuventude e, dependendo desta, un Servizo de Promoción e Centros Xuvenís. En cada delegación provincial había un servizo na Área de Xuventude.

As competencias desta dirección xeral eran a dirección e coordinación das actuacións da consellería en materia de xuventude, e tiña como funcións:

- Apoiar o desenvolvemento da actividade asociativa xuvenil no ámbito territorial de Galicia, así como o fomento da participación da xuventude na vida social no devandito ámbito.
- A dirección e xestión das casas de xuventude, albergues, clubs xuvenís e outras instalacións recreativo-xuvenís e a promoción de organismos de actividades de animación sociocultural no ámbito artístico e do aire libre, dirixidas á xuventude.
- A organización ou colaboración nos congresos, coloquios, cursos, así como a convocatoria de bolsas e axudas en relación coas materias da xuventude.
- A preparación de convenios sobre as materias propias da xuventude.

### **10.1.6. Consellería de Familia, Muller e Xuventude. Dirección Xeral de Xuventude**

En 1994 publícase a estrutura orgánica da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, á que lle corresponden as competencias e funcións en materia de xuventude, entre outras (Decreto 2/1994, do 13 de xaneiro). Para iso a Consellería de Familia, Muller e Xuventude, contaría cos seguintes órganos superiores: o conselleiro; secretaría xeral; e tres direccións xerais: Dirección Xeral de Xuventude, Dirección Xeral da Familia e Dirección Xeral de Formación e Emprego.

No ámbito periférico haberá unha delegación provincial en cada unha das provincias (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra).

#### **Funcións da Dirección Xeral de Xuventude**

Á Dirección Xeral de Xuventude encoméndanselle as funcións de dirección e coordinación das actuacións da consellería en materia de xuventude; o apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, así como o fomento da participación da

---

<sup>7</sup>Decreto 183/1990, do 1 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Xuventude (DOG do 8 de marzo de 1990)

xuventude na vida social; a coordinación e a xestión das casas de xuventude, albergues, clubs xuvenís e outras instalacións recreativo-xuvenís; a promoción e organización de actividades de animación sociocultural no ámbito artístico e do aire libre dirixidas á xuventude e o fomento das relacións e da cooperación con outras comunidades autónomas e intercambios co estranxeiro en materia de xuventude.

### **Estrutura da Dirección Xeral de Xuventude**

A Dirección Xeral de Xuventude ten a mesma estrutura para o desenvolvemento das súas funcións ca cando dependía da Consellería de Cultura e Xuventude: unha Subdirección Xeral da Xuventude e un Servizo de Promoción e Centros Xuvenís.

En cada unha das provincias da comunidade autónoma había unha delegación provincial da Consellería de Familia, Muller e Xuventude e dependendo delas un Servizo de Xuventude na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra (Decreto 5/1987).

#### **10.1.7. Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. Dirección Xeral de Xuventude**

A Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude é o órgano da Administración autonómica ao que lle corresponde, entre outras, o exercicio das competencias e funcións en materia de xuventude (Decreto 5/1987).

En 1997 fíxase a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude estrutúrase nos seguintes órganos superiores: o/a conselleiro/a; Secretaría Xeral; e catro direccións xerais: Familia, Formación e Colocación, Fomento do Emprego, e Xuventude (Decreto 351/1997). No ámbito periférico conta con catro delegacións provinciais.

#### **Competencias da Dirección Xeral de Xuventude**

Nesta etapa á Dirección Xeral de Xuventude correspóndenlle, entre outras, as funcións de fomento das relacións e da cooperación con outras comunidades autónomas e intercambios co estranxeiro en materia de xuventude, fomento dos programas de Turismo Xove (Tive-Galicia) e promoción e organización das actuacións en materia de información e documentación para a xuventude.

Aparece agora, especificamente, a competencia da promoción e organización das actuacións en materia de información e documentación para a xuventude xa que en 1994 se creou a Rede galega de información e documentación xuvenil.

Correspóndelle tamén a xestión e coordinación das actuacións da consellería en materia de xuventude, así como das políticas xuvenís de carácter

interdepartamental e especificamente o apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, así como o fomento da participación da xuventude na vida social.

En relación cos centros, tanto propios como dependentes doutras entidades, está entre as súas competencias a de coordinar a súa xestión, supervisando o seu funcionamento e prestándolle a asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento da súa actividade.

### **Estrutura da Dirección Xeral de Xuventude**

A nova estrutura da dirección xeral contaría con dúas subdireccións xerais: Subdirección Xeral de Programas, que contará co apoio dun Servizo de Programas, e a Subdirección Xeral de Promoción e Actividades, que terá o apoio do Servizo de Promoción de Actividades.

A Subdirección Xeral de Programas ten como funcións:

- A promoción e desenvolvemento da Rede galega de información e documentación xuvenil en coordinación cos centros de información do Estado español e das comunidades autónomas.
- A promoción, difusión e seguimento de programas, actividades e convenios dirixidos a fomentar a colaboración coas administracións públicas, institucións e organismos públicos e privados con actividades dirixidas á xuventude.
- A elaboración, publicación e difusión de enquisas, estudos e informes sobre a xuventude galega.
- A información, promoción e coordinación dos programas da Unión Europea dirixidos á xuventude.
- A coordinación das relacións co Consello da Xuventude de Galicia.

A Subdirección Xeral de Promoción e Actividades tiña o resto de competencias delegadas da dirección xeral: a promoción e seguimento do asociacionismo xuvenil; a organización e xestión dos programas de actividades culturais de lecer e tempo libre; a promoción e o fomento dos programas de Turismo Xove (Tive-Galicia); a coordinación, asistencia técnica, seguimento e avaliación dos programas de servizos e centros dedicados á xuventude; o fomento e promoción de intercambios e mobilidade de mozas con outras comunidades autónomas e países estranxeiros; e o seguimento de axudas e subvencións concedidas con cargo aos orzamentos xerais da Dirección Xeral de Xuventude.

### **10.1.8. Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado. Dirección Xeral de Xuventude**

No ano 2003, a anterior Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude divídese en dúas e créanse a Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado e a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais (Decreto 23/2003). É a suma da Consellería de Asuntos Sociais e a parte de Promoción de Emprego.

Á nova Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado correspóndenlle as competencias en materia de xuventude.

Estrutúrase nos seguintes órganos superiores: Secretaría Xeral e catro direccións xerais: Dirección Xeral de Xuventude, Dirección Xeral de Familia, Dirección Xeral para o Deporte e Dirección Xeral do Voluntariado. Queda adscrito a esta consellería o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

Como podemos comprobar, aparece por primeira vez unha Dirección Xeral de Voluntariado e a Dirección Xeral de Deporte coincide na mesma consellería ca Xuventude, aínda que son direccións xerais diferentes.

### **10.1.9. Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado**

No ano 2004, modifícase a Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado pola creación da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, que asume competencias de persoas maiores e persoas con discapacidade e queda estruturada nos seguintes órganos superiores: Secretaría Xeral e cinco direccións xerais: Xuventude, Familia, Deporte, Voluntariado, e Maior e de Persoas con Discapacidade (Decreto 215/2004).

#### **Competencias da Dirección Xeral de Xuventude**

Á Dirección Xeral de Xuventude correspóndelle a xestión e coordinación das actuacións da consellería en materia de xuventude, así como das políticas xuvenís de carácter interdepartamental e especificamente o apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, así como o fomento da participación da xuventude na vida social.

En relación cos centros, tanto propios como dependentes doutras entidades, correspondíalle coordinar e supervisar o seu funcionamento e prestarlle a asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento da súa actividade.

Correspóndelle tamén o fomento das relacións e da cooperación con outras comunidades autónomas e intercambios co estranxeiro en materia de xuventude,

fomento dos programas de Turismo Xove e promoción e organización das actuacións en materia de información e documentación para a xuventude.

A estrutura da dirección xeral é similar á de 1997 coa desaparecida Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

A Subdirección Xeral de Programas tiña as funcións seguintes:

- Promoción, difusión e seguimento de programas, actividades e convenios dirixidos a fomentar a colaboración coas administracións públicas, institucións e organismos públicos e privados con actividades dirixidas á xuventude.
- O seguimento na xestión do Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil da Rede galega.
- A promoción e desenvolvemento da Rede galega de información e documentación xuvenil en coordinación con centros de información do Estado español e das comunidades autónomas.
- A elaboración, publicación e difusión de enquisas, estudos e informes sobre a xuventude galega e a información, promoción e coordinación dos programas da Unión Europea dirixidos á xuventude.

Para o desenvolvemento destas funcións conta co apoio do Servizo de Programas.

Á Subdirección Xeral de Centros e Promoción de Actividades correspondíanlle as funcións de promoción e seguimento do asociacionismo xuvenil, a organización e xestión dos programas de actividades culturais de lecer e tempo libre, a promoción e fomento dos programas de Turismo Xove, a coordinación, asistencia técnica, seguimento e avaliación dos programas de servizos e centros dedicados á xuventude, o fomento e promoción de intercambios e mobilidade da xuventude con outras comunidades autónomas e países estranxeiros, a promoción e difusión dos distintos carnés dirixidos á xuventude e o desenvolvemento das funcións propias da Escola Galega de Lecer e Tempo Libre.

Para o desenvolvemento destas funcións, esta subdirección conta co apoio do Servizo de Promoción de Actividades.

### **Servizo de Xestión e Coordinación Administrativa**

Este servizo ten dependencia directa da Dirección Xeral de Xuventude.

Correspóndelle a execución, coordinación e tramitación do pagamento das axudas e subvencións para os programas e actividades xestionadas pola Dirección Xeral de Xuventude, a xestión da contratación administrativa para a realización de programas e actividades xuvenís, a coordinación e xestión do rexistro de instalacións xuvenís.

### **10.1.10. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral do Benestar. Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade**

No ano 2005, as competencias en materia de políticas de xuventude asúmeas a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (Decreto 232/2005).

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar estrutúrase, ademais do vicepresidente, en seis órganos superiores: catro secretarías xerais e dúas direccións xerais que dependen organicamente da Secretaría Xeral do Benestar.

- Secretaría Xeral
- Secretaría Xeral de Relacións Institucionais
- Secretaría Xeral da Igualdade. Adscríbese a esta secretaría o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller
- Secretaría Xeral do Benestar
- Dirección Xeral de Acción Social
- Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade

O vicepresidente da Igualdade e do Benestar é tamén o vicepresidente da Xunta de Galicia.

A Dirección Xeral de Xuventude asume, por primeira vez, a área de Voluntariado, coa denominación de Solidariedade. Asume o que eran as dúas anteriores direccións xerais de Xuventude e de Voluntariado. Aínda que é unha dirección xeral, nesta ocasión non depende directamente dun conselleiro, nin do vicepresidente, senón que está adscrita a unha secretaría xeral, concretamente a Secretaría Xeral do Benestar.

#### **Secretaría Xeral do Benestar**

A Secretaría Xeral do Benestar é o órgano superior con dependencia xerárquica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar que entre outras competencias e funcións lle corresponde o deseño, coordinación, avaliación e, se é o caso, a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de políticas de xuventude e voluntariado.

#### **Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade**

A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade é un órgano directivo dependente xerarquicamente do vicepresidente da Igualdade e do Benestar e adscrito á Secretaría Xeral do Benestar (Decreto 517/2005).

Na área de xuventude ten as seguintes competencias e funcións:

- A xestión e coordinación das actuacións da Secretaría Xeral do Benestar en materia de xuventude, así como das políticas xuvenís de carácter interdepartamental.

- O apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, así como o fomento da participación da xuventude na vida social.
- En relación cos centros, tanto propios como dependentes doutras entidades, correspóndelle coordinar e supervisar o seu funcionamento e prestarlle a asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento da súa actividade.
- O fomento das relacións e da cooperación con outras comunidades autónomas e intercambios co estranxeiro en materia de xuventude, fomento dos programas de Turismo Xove e promoción e organización das actuacións en materia de información e documentación para a xuventude.

A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade conta con oito áreas administrativas: tres subdireccións xerais e cinco servizos. Á área de xuventude correspóndenlle dúas subdireccións xerais e tres servizos. Á de solidariedade unha subdirección xeral e dous servizos:

Servizo de Xestión e Coordinación Administrativa. A este servizo, con dependencia directa da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, correspóndelle a xestión e control do pagamento das axudas e subvencións, así como a xestión da contratación administrativa para os programas e actividades xestionadas pola dirección xeral.

A Subdirección Xeral de Programas ten as seguintes funcións:

- O seguimento na xestión do Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil da Rede galega.
- A promoción e desenvolvemento da Rede galega de información e documentación xuvenil en coordinación con centros de información do Estado español e das comunidades autónomas.
- A elaboración, publicación e difusión de enquisas, estudos e informes sobre a xuventude galega.
- A información, promoción e coordinación dos programas da Unión Europea dirixidos á xuventude.
- A promoción, difusión e seguimento de programas, actividades e a elaboración de convenios dirixidos a fomentar a colaboración coas administracións públicas, institucións e organismos públicos e privados en actividades dirixidas á xuventude.

Para o desenvolvemento das súas funcións conta co Servizo de Programas.

A Subdirección Xeral de Centros e Servizos á Xuventude ten as seguintes funcións:

- Promoción e seguimento do asociacionismo xuvenil.
- A organización e xestión dos programas de actividades culturais de lecer e tempo libre.

- A promoción e o fomento dos programas de Turismo Xove. A coordinación, asistencia técnica, seguimento e avaliación dos programas de servizos e centros dedicados á xuventude.
- O fomento e promoción de intercambios e mobilidade da xuventude con outras comunidades autónomas e países estranxeiros.
- A promoción e difusión dos distintos carnés dirixidos á xuventude.
- O desenvolvemento das funcións propias da Escola Galega de Lecer e Tempo Libre.

Para o desenvolvemento das súas funcións conta co Servizo de Promoción de Actividades e Servizos.

No ámbito provincial existe unha unidade administrativa con rango de Servizo de Xuventude e Solidariedade en cada unha das provincias.

#### **10.1.11. Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado**

No ano 2009 asume as competencias en materia de xuventude a Consellería de Traballo e Benestar (Decreto 335/2009): “A Consellería de Traballo e Benestar é o departamento da Administración autonómica ao cal, ademais doutras competencias e funcións, lle corresponden as políticas de xuventude e voluntariado”.

Xuventude volve a este departamento como ocorreu entre os anos 1996 e 2002, cando pertencía á Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

A Consellería de Traballo e Benestar estrutúrase con dúas secretarías xerais e cinco direccións xerais no ámbito central e con cinco departamentos territoriais:

Conselleiro/a

Secretaría Xeral

Secretaría Xeral de Familia e Benestar

Dirección Xeral de Relacións Laborais

Dirección Xeral de Promoción do Emprego

Dirección Xeral de Formación e Colocación

Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

Departamentos territoriais

Os departamentos territoriais substitúen o que ata este momento eran as delegacións provinciais. Créanse na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. No caso da Consellería de Traballo e Benestar a representación territorial está en Vigo e non en Pontevedra.



A diferenza da anterior estrutura, o delegado territorial representa a todas as consellerías da Xunta na súa provincia ou territorio e non só a un coma ata este momento.

### **Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado**

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado é o órgano superior da Consellería de Traballo e Benestar ao que lle corresponden as seguintes funcións:

- a) En materia de xuventude:
- A xestión en coordinación coa Secretaría Xeral de Familia e Benestar das actuacións en materia de xuventude, así como das políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, así como o fomento da participación da xuventude na vida social.
  - A coordinación e supervisión dos centros, tanto propios como dependentes doutras entidades, e prestarlle a asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento da súa actividade, sen prexuízo da que lle corresponda a outros órganos do departamento.
  - O fomento das relacións e da cooperación con outras comunidades autónomas e intercambios co estranxeiro en materia de xuventude e dos programas de turismo para a xuventude.
  - A xestión e funcionamento do Observatorio Galego da Xuventude.
  - O seguimento na xestión da Rede galega de información e documentación xuvenil, a súa promoción e desenvolvemento en coordinación con centros de información do Estado español e das comunidades autónomas; a coordinación das funcións informativas e de documentación do conxunto dos servizos da rede e a coordinación dos servizos prestados nas casas de xuventude propias.

A partir deste momento, a información xuvenil pasa a depender directamente da dirección xeral e non dunha subdirección xeral. Isto xa se daba na práctica, pero recóllese agora nun decreto.

- b) En materia do voluntariado:
- A xestión, en coordinación coa Secretaría Xeral de Familia e Benestar, das actuacións en materia de voluntariado.
  - A elaboración e o seguimento do Plan galego de fomento e promoción da acción voluntaria.
  - A xestión do sistema de rexistro autonómico das entidades de acción voluntaria.

Como vimos, as funcións da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado non cambian, pero si o nome: solidariedade por voluntariado. A súa estrutura é similar á anterior, cando dependía da Vicepresidencia da Igualdade. Mantéñense dúas subdireccións xerais de Xuventude e unha en Voluntariado pero cambian tamén o nome. Mantense o Servizo de Xestión e Coordinación Administrativa, que depende directamente do director xeral. A Subdirección Xeral de Programas mantén o mesmo nome ca antes. A Subdirección Xeral de Promoción de Actividades substitúe á Subdirección Xeral de Centros e Servizos á Xuventude. A Subdirección Xeral de Voluntariado e Participación substitúe a Subdirección Xeral de Solidariedade e Participación.

A Subdirección Xeral de Programas asume as seguintes funcións:

- A promoción, difusión e seguimento de programas, actividades e a elaboración de convenios dirixidos a fomentar a colaboración coas administracións públicas, institucións e organismos públicos e privados en actividades dirixidas á xuventude.
- A promoción e seguimento do asociacionismo xuvenil.
- O fomento e promoción de intercambios e mobilidade de xuventude con outras comunidades autónomas e países estranxeiros.
- A promoción e difusión dos distintos carnés dirixidos á xuventude.
- O desenvolvemento das funcións propias da Escola Galega de Lecer.

Nesta nova estrutura, a Subdirección Xeral de Programas perde as competencias que anteriormente tiña delegadas da dirección xeral: o seguimento e xestión da Rede galega de información e documentación xuvenil, a súa promoción e desenvolvemento en coordinación con centros de información do Estado español e das comunidades autónomas; a coordinación das funcións informativas e de documentación do conxunto dos servizos da rede e a coordinación dos servizos prestados nas casas de xuventude propias.

Estas funcións a dirección xeral delégaas no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, situación que xa se estaba dando na práctica, pero non aparecía reflectida na estrutura.

Para o desenvolvemento das súas funcións, a Subdirección Xeral de Programas conta co Servizo de Programas.

Á Subdirección Xeral de Promoción de Actividades correspóndenlle as seguintes funcións:

- Promover, organizar e coordinar actividades destinadas á xuventude, ben directamente ou en colaboración con asociacións xuvenís ou outras administracións públicas, institucións e organismos públicos e privados.

- Coordinar e fomentar actividades que se realicen no ámbito das residencias xuvenís.
- Promover e fomentar os programas de Turismo Xove.
- Coordinar, promover e informar dos programas e proxectos da Unión Europea dirixidos á xuventude.
- Promover a formación da xuventude galega na realización de proxectos europeos e a cooperación de entidades xuvenís asociativas galegas con outros de carácter europeo.

Para o desenvolvemento das súas funcións conta co Servizo de Promoción de Actividades e Mobilidade Xuvenil.

No ámbito do voluntariado créase a Subdirección Xeral de Voluntariado e Participación, que conta para o desenvolvemento das súas funcións cun Servizo de Voluntariado (que asume as funcións que antes estaban repartidas no Servizo de Asociacionismo e no Servizo de Solidariedade).

## **10.2. A DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE NA ACTUALIDADE**

Actualmente, desde 2015, a Dirección Xeral de Xuventude inclúe Participación e Voluntariado, mantense como órgano directivo competente en materia de xuventude na Comunidade Autónoma de Galicia, dependendo da Consellería de Política Social.

### **Funcións da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado**

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado é o órgano de dirección da Consellería de Política Social ao que lle corresponden as funcións en materia de xuventude que establece a Lei galega de xuventude e o Decreto de estrutura da consellería:

- O seguimento na xestión da Rede galega de información xuvenil e a súa promoción e desenvolvemento, en coordinación cos centros de información da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas, velando pola prestación dun servizo innovador e de calidade.
- A coordinación das funcións informativas e de documentación dos servizos da Rede galega de información xuvenil e a coordinación dos servizos prestados na Rede galega de centros de xuventude. Espazo Xove.
- A xestión das actuacións en materia de xuventude, así como as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil.

- A planificación, especialmente a través do Plan estratéxico de xuventude de Galicia, así como a coordinación na elaboración, execución e avaliación das políticas transversais de xuventude.
- O fomento da participación da xuventude na vida social, especialmente mediante o asociacionismo xuvenil e a participación no Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.
- A coordinación e a supervisión do funcionamento das instalacións xuvenís, tanto as propias da consellería como as dependentes doutras entidades e a prestación da asistencia técnica necesaria para dar un servizo de calidade.
- O fomento da mobilidade xuvenil, do turismo para mozos e dos intercambios xuvenís, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia como no resto do Estado e no ámbito internacional.
- A organización e o funcionamento do Instituto de Xuventude de Galicia e, no seo deste, da Escola Galega de Xuventude.
- A xestión do rexistro autonómico das entidades xuvenís.
- A dirección e xestión das actuacións en materia de voluntariado, a elaboración e o seguimento dos instrumentos de planificación, de rexistro, da xestión dos órganos colexiados.
- A elaboración do anteproxecto de orzamento e a memoria de funcionamento correspondente ao órgano, así como a súa xestión, seguimento e avaliación.

Para o desenvolvemento das súas funcións, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado conta con dúas subdireccións xerais e dous servizos que dependen directamente dela:

- a) Instituto da Xuventude de Galicia, con rango de subdirección xeral
- b) Subdirección Xeral de Programas para a Xuventude
- c) Servizo de Voluntariado e Participación
- d) Servizo de Xestión e Coordinación Administrativa

Conta tamén co Centro Coordinador de Información Xuvenil, como órgano adscrito á dirección xeral.

Cada unha das subdireccións xerais conta con órganos de apoio con rango de xefaturas de servizo. Polo tanto, no actual organigrama desaparece a Subdirección Xeral de Voluntariado, que queda con nivel de xefatura de servizo.

### **10.3. INSTALACIÓNS XUVENÍS DA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE**

O órgano directivo competente en materia de xuventude en Galicia, actualmente, como xa mencionamos, é a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Dela dependen unha serie de equipamentos destinados á mocidade e que describimos a continuación:

#### **Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia**

Nesta instalación están todos os servizos que acolle o devandito centro. Está situado en Santiago de Compostela. As súas funcións e departamentos coméntanse no capítulo 7.

#### **Residencias xuvenís**

As residencias xuvenís son instalacións que ofrecen aloxamento e manutención (pensión completa) e unha serie de servizos e actividades culturais e educativas complementarias a prezos alcanzables durante o curso escolar.

Están dirixidas a mozos menores de 30 anos que, por razón de estudo ou traballo, se ven obrigados a permanecer fóra do seu domicilio familiar. O 9 % das prazas están reservadas a persoas traballadoras que teñan o seu posto fóra da súa provincia.

As residencias xuvenís que dependen da Dirección Xeral de Xuventude son tres: O Centro Residencial Xuvenil LUG en Lugo, que conta con 76 prazas; a Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas en Ourense, con 55 prazas; e a Residencia Xuvenil Altamar en Vigo, con 94 prazas.

#### **Casas da xuventude**

As casas da xuventude son centros sociais dirixidos á xuventude nos que se realizan actividades de lecer e tempo libre, educación non formal, exposicións, talleres formativos e serven de lugar de encontro entre a xuventude. Actualmente as casas de xuventude forman parte dunha rede denominada: Rede de centros de xuventude: Espazo Xove.

Aínda que en Galicia existen outras casas de xuventude dependentes da Administración local, a Dirección Xeral de Xuventude ten doce propias, distribuídas nas catro provincias. Na provincia de Ourense está situada na propia capital. En Lugo hai tres: Chantada, Vilalba e Viveiro. Na Coruña sitúanse cinco: Betanzos, Carballo, Curtis, Noia e Pontedeume. Por último, na provincia de Pontevedra están situadas en Lalín, Tui e Vilagarcía.

## **Albergues xuvenís**

Considérase albergue xuvenil toda instalación fixa que, permanente ou temporalmente, se destine a facilitarlle á xuventude aloxamento, como lugar de paso nos seus desprazamentos ou como marco dunha actividade de tempo libre.

Nestes albergues a Dirección Xeral de Xuventude organiza as actividades da campaña de verán de campamentos xuvenís e actividades para os mozos. Tamén os cede, a través dunha oferta concertada, ás entidades interesadas en organizar actividades fóra desta época, sempre que vaian destinadas á mocidade.

## **Campamentos xuvenís**

Son instalacións ao aire libre dotadas duns equipamentos básicos fixos nas que o aloxamento se realiza en tendas de campaña principalmente e destinadas á realización de estadias con grupos de mozos para o desenvolvemento de actividades de lecer ao aire libre.

En Galicia hai unha rede de albergues e campamentos distribuídos polas catro provincias. En Lugo hai dous albergues e tres campamentos xuvenís: Albergue Xuvenil "Area" e "Benigno Quiroga", Campamento Xuvenil "A Devesa", "O Chanto" e "Os Chacotes".

En Pontevedra dispoñen dun albergue e tres campamentos: Albergue Xuvenil "As Sinas", Campamento Xuvenil "Illa de Ons", "Illas Cíes" e "Pontemariil".

Na Coruña contan con dous albergues, un en Sada e outro en Gandarío que conforman o Complexo Xuvenil "As Mariñas". Ademais dispoñen de tres campamentos xuvenís: "Virxe do Loreto", "Espíñeira" e "Furelos".

#### **10.4. ÓRGANOS COLEXIADOS DE XUVENTUDE**

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, como órgano directivo en materia de xuventude, ten como apoio:

- O Comité Galego de Políticas de Xuventude
- O Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia
- O Observatorio Galego da Xuventude

O Comité Galego de Políticas de Xuventude é o órgano colexiado interdepartamental de coordinación das distintas políticas da Xunta de Galicia que substitúe a Comisión Interdepartamental para a Xuventude.

O Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia substitúe o Consello da Xuventude de Galicia. É o órgano colexiado de participación, representación e consulta das políticas públicas da Xunta de Galicia en materia de xuventude.

O Observatorio Galego da Xuventude foi creado no ano 2008 como un órgano colexiado destinado á realización de estudos e investigacións, así como a elaborar informes de carácter periódico sobre a situación da xuventude galega que permitan ter un coñecemento o máis actual posible sobre a devandita realidade e deste xeito favorecer o acerto na aplicación das políticas de xuventude.

Coa nova Lei de xuventude derrógase o decreto que o creou e especificase que as súas competencias se desenvolverán nun novo decreto. Na devandita lei especificase que o Observatorio da Xuventude, no seo do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, “actuará como comisión permanente que terá como obxectivo establecer un sistema de información permanente sobre a situación da xuventude en Galicia, proporcionando datos para os efectos da realización de estatísticas e a toma de decisións; e con carácter anual presentará informes de conxuntura xuvenil, nos que se reflectan as principais variables sociais e se formulen propostas e recomendacións tendentes a promover o desenvolvemento das políticas xuvenís en Galicia, especialmente en materia de emprego e vivenda”.

##### **10.4.1. Comité Galego de Políticas de Xuventude**

A través da Lei de xuventude créase o Comité Galego de Políticas de Xuventude, que substitúe a Comisión Interdepartamental de Xuventude. É un órgano colexiado de coordinación interdepartamental e interinstitucional adscrito á consellería competente en materia de xuventude (actualmente a Consellería de Política Social). A súa misión é a de establecer as bases que vertebran o Plan estratéxico de xuventude de Galicia, de forma que se consiga a transversalidade e coordinación coas distintas consellerías da Xunta de Galicia nas políticas públicas en materia de xuventude.

O Comité Galego de Políticas de Xuventude ten como funcións:

- Estudar, analizar e informar dos problemas da xuventude galega, elevando, de ser o caso, propostas de medidas concretas ao Consello da Xunta de Galicia por medio da consellería competente en materia de xuventude.
- Establecer as directrices que servirán de base para o Plan estratéxico de xuventude de Galicia.
- Priorizar e coordinar os obxectivos das políticas transversais de xuventude coas distintas consellerías da Xunta de Galicia.
- Avaliar os resultados das citadas políticas transversais de xuventude e do Plan estratéxico de xuventude de Galicia, así como do cumprimento dos obxectivos e finalidades dos programas que se executen no marco do devandito plan.

### **Composición**

Está composto pola Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e vogais. A Presidencia recae no presidente da Xunta de Galicia. A Vicepresidencia asúmea a persoa responsable da consellería competente en materia de xuventude (actualmente o conselleiro de Política Social). A Secretaría correspóndelle a un funcionario con nivel orgánico de subdirector xeral adscrito ao órgano directivo competente en materia de xuventude (actualmente Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado).

As vogalías correspóndenlles aos ou ás titulares das secretarías xerais dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia; ao órgano directivo competente en materia de xuventude; tres representantes, con nivel orgánico de secretario ou secretaria xeral técnico ou director ou directora xeral, de cada unha das consellerías da Xunta de Galicia, designados pola persoa titular da consellería respectiva; un ou unha representante da Federación Galega de Municipios e Provincias e un ou unha representante do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.

#### **10.4.2. Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia**

O Consello Asesor e Consultivo é un órgano colexiado de participación, representación e consulta das políticas públicas da Xunta de Galicia en materia de xuventude que, como xa se dixo anteriormente, substitúe o Consello da Xuventude de Galicia.

Este consello ten como fins os seguintes:



- Representar a xuventude galega a través da súa condición de membro de pleno dereito no Comité Galego de Políticas de Xuventude.
- Emitir informes que afecten a xuventude e analizar a situación da xente nova en Galicia, facilitando así a toma de decisións e especialmente as problemáticas que incidan maiormente na xuventude galega, a través do Observatorio Galego da Xuventude.
- Elevar anualmente unha memoria ao Parlamento que reflecta a situación da xuventude e propoñer as medidas legais que estime necesarias.
- Contribuír á institucionalización do movemento asociativo xuvenil de Galicia, promovendo a creación de asociacións xuvenís de distinta natureza.
- Garantir a participación activa e dinámica da xuventude en todas as ordes da vida social, educativa, laboral, política, económica, deportiva, de lecer, de tempo libre e cultural de Galicia.
- Representar a xuventude de Galicia no Consello da Xuventude de España, así como noutros organismos de ámbito estatal, europeo e internacional dos que puidese ser membro, participando así na articulación das políticas de xuventude nos distintos niveis.
- Establecer relacións de cooperación e colaboración con outros consellos da xuventude do Estado.
- Elevar propostas de acción á consellería competente en materia de xuventude.
- Defender os intereses da xente nova, presentando ante os organismos públicos e privados correspondentes as medidas tendentes a facer efectivos os intereses que lle corresponden á xuventude.

A Lei de xuventude de Galicia considera como órganos de participación o Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia e os consellos locais de xuventude.

## **METODOLOXÍA**

A metodoloxía utilizada para a realización deste estudo baseouse fundamentalmente na revisión normativa en materia de xuventude de ámbito nacional e autonómico, a través do *Boletín Oficial do Estado* (BOE), *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e diarios e boletíns das comunidades autónomas. Tamén se empregou a bibliografía que se especifica no seguinte apartado.

## BIBLIOGRAFÍA

- Agudo López, B. & Alborná Rovira, R. (2011), Autonomía y empoderamiento de las personas jóvenes. En Las políticas públicas de juventud. Revista de Estudios de Juventud nº 94, pp.89-100, Injuve.
- Albornà R., & Madrid, O. (2005). Información y asesoramiento especializado. En La información juvenil: una apuesta por la calidad y el trabajo en red, pp.85-100. Barcelona: Diputació; Xarxa de Municipis.
- Albornà, R., Alonso M. & Montero, L. (2005). Los Servicios de Información Juvenil. Descripción, funcionamiento y retos. En La información juvenil: una apuesta por la calidad y el trabajo en red pp.31-84. Barcelona: Diputació; Xarxa de Municipis.
- Alcoceba Hernando, J.A & Cadilla Baz, M. (2006). Los Servicios de Información Juvenil en España. Un acercamiento a su realidad y funcionamiento. Madrid: Injuve.
- Alemán Bracho, C. & Martín Castro, B. (2004). Diseño y actores de la política de juventud en el Estado de bienestar español. En Revista del Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales nº 55 (pp. 83-103). Madrid: Ministerio de Asuntos Sociales.
- Alexander, John (1989). La información juvenil en Europa. En: Revista de Estudios de Juventud, n.º 33, p. 33-39. Madrid. Injuve.
- Alfieri, Fiorenzo (1994) Políticas Xuvenís e Administracións Públicas. En Congreso Galego de Xuventude. Xoves: Somos Quen, Xunta de Galicia, pp.9-46. ISBN:84-453-0666-9.
- Álvarez Vega, M. (2002). La información juvenil en el ámbito universitario. En: La pluralidad de modelos en los SIJ. Seminario Gecinco, pp.57-67. Madrid: Injuve.
- Amorós-Fontanals, J., Ontalba-Ruipérez, J. A., & Pérez-Salmerón, G. (2000). La información local o comunitaria en los servicios de información de las bibliotecas públicas. BiD: textos universitaris de biblioteconomia i documentació.
- Andrés López, T. (2003). La información juvenil. Nuevas políticas, nuevos medios, nuevas redes. Madrid: Injuve.
- Andrés López, T. (2003). Nuevos retos para la información de los jóvenes: orientación y asesoramiento. En Nuevas estrategias en información dirigidas a los jóvenes. Seminario de formación de informadores "Geseis", pp.9-20. Madrid: Injuve,
- Antelo García, J. & Otero López, R. (2000) Rede Galega de Información Xuvenil. Santiago de Compostela. Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude. Xunta de Galicia.

Antelo García, J. (2011). La Información Juvenil en perspectiva comparada. Santiago de Compostela. Ed. Pasionporloslibros.

Benedicto Millán, J (2008). La juventud frente a la política: ¿desenganchada, escéptica, alternativa o las tres cosas a la vez? En Revista de estudios de juventud, núm. 81. Jóvenes y participación política: investigaciones europeas (pp. 13-28). Madrid. Injuve.

Blaikie, N.W.H. (1991). A critique of the use of triangulation in social research. En Quality and Quantity. No. 25, pp. 115-136.

Cabrera Varela, J. & Filgueira López, E. (2011). Xuventude Galega 2010. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Cabrera Varela, J. & Pintos de Cea-Naharro, J. L. (2008). Estudio Xuventude Galega 2007. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Cadilla Baz, M. (2010), La documentación científica y técnica sobre la juventud. Tesis doctoral no publicada. Universidad Complutense de Madrid.

Camacho Grande, J.M. (2011). Principales retos de las políticas de juventud. Madrid. En Las políticas Públicas de Juventud. Revista de Estudios de Juventud, nº 94, pp.49-68. Madrid: Injuve.

Camps, E., Albornà R., & Madrid, O. (2005). La Información juvenil en los pequeños municipios. En La información juvenil: una apuesta por la calidad y el trabajo en red, pp.151-154. Barcelona: Diputació; Xarxa de Municipis.

Carbonell, C. (2008). La Animación Sociocultural y los Puntos de Información Juveniles. Revista de Educación Social, (9), p.11.

Casal, J. (2002). TVA y políticas públicas sobre juventud. Revista de Estudios de Juventud, 59 (2002), pp. 35-49.

Coll, J. & Madrid, O. (2005). Los SIJ en la sociedad del conocimiento. Una propuesta de modelo. En La información juvenil: una apuesta por la calidad y el trabajo en red pp.15-30. Barcelona: Diputació; Xarxa de Municipis. Consultado el (día) de (mes) de (año) en [http://xuventude.xunta.es/uploads/La\\_informacin\\_juvenil\\_una\\_apuesta\\_por\\_la\\_calidad\\_y\\_el\\_trabajo\\_en\\_red.pdf](http://xuventude.xunta.es/uploads/La_informacin_juvenil_una_apuesta_por_la_calidad_y_el_trabajo_en_red.pdf)

Comas Arnau, D. (2011). ¿Por qué son necesarias las políticas públicas de juventud? En Las políticas Públicas de Juventud. Revista de Estudios de Juventud, nº 94, pp.11-28. Madrid: Injuve. Consultado el (día) de (mes) de (año) en [http://www.injuve.es/sites/default/files/REVISTA%20INJUVE%2094\\_0.pdf](http://www.injuve.es/sites/default/files/REVISTA%20INJUVE%2094_0.pdf)

Comas Arnau, D. (2007). Las políticas de juventud en la España democrática. Madrid: Injuve.

Comunidad de Madrid (2001). Red de Centros de Información Juvenil Madrid. Entimema.

Denzin, N. K. (1970): *Sociological Methods: a Source Book*. Chicago: Aldine Publishing Company.

DeWalt, Kathleen M. & DeWalt, Billie R. (2002). *Participant observation: a guide for fieldworkers*. Walnut Creek, CA: AltaMira Press.

Diputació de Barcelona. Xarxa de Municipis (2005). *La información juvenil: una apuesta por la calidad y el trabajo en red*. Barcelona: Institut d'Edicions.

Eryica (2004). Carta Europea de Información Juvenil. Aprobada en Bratislava (República Eslovaca) el 19 de noviembre de 2004 por la 15ª Asamblea General de la Agencia Europea de Información y Asesoramiento para los Jóvenes. [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net). Xunta de Galicia.

Eryica (2009). Principios para la Información Juvenil On line, aprobado el 5 de diciembre de 2009 en la vigésima Asamblea General de Eryica en Róterdam (Países Bajos).

<http://www.madrimasd.org/revista/revista31/tribuna/tribuna2.asp>

Injuve (1990). *Plan Integral de Juventud (1991-1993)*. Madrid.

Injuve (1995) *Plan de Juventud, 94-97*. Madrid: Comisión Interministerial para la Juventud y la Infancia.

Injuve (2001). *Plan de Acción Global en materia de juventud (2000-2003)*. Madrid.

Injuve (2013). *Guía para la creación de Servicios de Información Juvenil en el exterior*. Madrid. Injuve.

Instituto Andaluz de la Juventud (2008). *Informe sobre la situación, funciones y necesidades del personal técnico de juventud en Andalucía*. Recuperado en <http://www.joventut.info/images/Recursos/perfilestecnicosjuventudandalucia08.pdf>

Izaguirre Gómez, X. (2000). *Tendencias en Política de Juventud*. En *Información Juvenil. Conceptos, técnicas y organización*. Santiago de Compostela: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. Xunta de Galicia.

Jordán, J. J., Vázquez, L. M., & Betrián, D. P. (2004). *El sistema de localización de recursos de información "Infojoven. com". Scire: representación y organización del conocimiento*, 10(2), pp.155-166.

Laine, J. (1997). *Política juvenil e información juvenil*. En *¿Cómo Comunicar cos Xoves do ano 2000?* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

López Alonso, M.A. (2007). Tesoro de juventud para Centros de Información Juvenil. Madrid: INJUVE.

Madrid, O. (2005). La calidad al servicio de la información juvenil. En La información juvenil: una apuesta por la calidad y el trabajo en red, pp.143-150. Barcelona: Diputació; Xarxa de Municipis.

Martín Serrano, M. (1986). Las demandas informativas de los jóvenes 1985-1986. Ministerio de Asuntos Sociales, INJUVE.

Memoria de los VI Encuentros Nacionales de Centros de Información Juvenil. Mollina, Málaga, 1994 (inédito).

Memoria de los VII Encuentros Estatales de Centros de Información Juvenil. Comunicaciones. Diciembre 1996 (inédito).

MIK- Mondragón Ikerketa Kudeaketan, (2006). Investigación acerca de los servicios de información juvenil. Diputación Foral de Gipuzkoa. Donostia-San Sebastian.

Montes, P. (2011) Dos retos pendientes: la proximidad y la consolidación profesional. En Las políticas públicas de juventud. Revista de Estudios de Juventud nº 94, pp.69-88. Madrid: Injuve.

Moreno Mínguez, A. (2013). Informe Juventud en España 2012. Madrid: Injuve.

Ramon, J. (2005). La descentralización de la información en los centros de enseñanza secundaria. En La información juvenil: una apuesta por la calidad y el trabajo en red, pp.101-120. Barcelona: Diputació; Xarxa de Municipis.

Rodríguez Ruiz, O. (2005). La Triangulación como Estrategia de Investigación en Ciencias Sociales. Revista de Investigación en Gestión de la Innovación y Tecnología, nº31. Consultado en:

Ruiz Garzón, F. Recursos como elaborar una entrevista. Consultado en: <http://es.slideshare.net/anitadominguezhernandez/como-elaborar-entrevistas>

Seminario Gecinco (2002). La Pluralidad de modelos en los Servicios de Información Juvenil. Injuve y Comunidades autónomas de Aragón, Xunta de Galicia, Comunidad Foral de Navarra, Junta de Castilla y León & Comunidad de Madrid.

Seminario Gecuatro (2001). Información juvenil en el ámbito escolar y universitario. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Seminario Geseis (2003). Nuevas estrategias en información dirigidas a los jóvenes. Madrid: Injuve.

Veira Veira, J.L. (1994). A Xuventude Galega. Informe 1993. A Coruña: Xunta de Galicia. D.L.: C – 1816 -1994

Villa, G. (2005). El perfil del informador juvenil. En La información juvenil: una apuesta por la calidad y el trabajo en red, pp.121-142. Barcelona: Diputació; Xarxa de Municipis.

Xunta de Galicia (1997) Informe dá Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil e ou perfil do informador xuvenil (inédito).

Xunta de Galicia (1997). Rede galega de información e documentación xuvenil. Santiago de Compostela: Consellería de Familia, Muller e Xuventude. D.L.: C-521/97.

Xunta de Galicia (2000). Plan de Acción Nova 2000-2003. Santiago de Compostela. D.L. PO. 33/00.

Xunta de Galicia (2000). Seminario Getres. Información xuvenil. Conceptos, técnicas e organización. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. D.L.: C 1302-2000.

Xunta de Galicia (2002). Informe sobre a Xuventude galega. Santiago de Compostela. D.L.: C-2426/2002.

Xunta de Galicia (2004). Plan Estratéxico de Xuventude : Dá información á participación (2004-2007). Santiago de Compostela. Comisión Interdepartamental de Xuventude .

Xunta de Galicia (2011). Plan Xuventude 2013: Unha estratexia para a xuventude galega (2010-2013). Santiago de Compostela: Comisión Interdepartamental de Xuventude .

galicia

